

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 12 DE ABRIL DE 2007**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge  
Losada Álvarez, Abel  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Viéitez Alonso, Henrique

**NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Arias Moreira, José Carlos  
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta minutos do día 12 de abril do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira

e iglesias Carrera. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

ÚNICO.(35). PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA ZONA VELLA E O SEU CATALOGO ANEXO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE 7888/411.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de marzo de 2007 a técnica de administración xeral e mailo o Xerente de Urbanismo informan o que segue:

“Xunto envíase ó Consello da Xerencia municipal de urbanismo o expediente do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO VELLO<sup>1</sup>, planeamento de iniciativa municipal redactado pola empresa CONSULTORA GALEGA S.L, e asinado polo arquitecto Juan Carlos Portela Regodeseves con base ó contrato de asistencia técnica suscrito co Concello de Vigo o 20 de xuño de 2000, unha vez superado o período de información pública, recibida os días 19 de xaneiro de 2007 e 22 de marzo de 2007 a documentación para aprobación definitiva, que é a que serve de base ao informe, e emitidos os informes sectoriais preceptivos, para propoñer a aprobación definitiva ó Concello-Pleno.

## **1. ANTECEDENTES.**

1.1. A Xunta de Goberno Local na sesión do 2 de febreiro de 2004 adoptou o acordo seguinte:

*“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO VELLO DE VIGO e o seu CATÁLOGO anexo (exp. nº 7888/411), expediente de iniciativa municipal, segundo a documentación redactada pola empresa CONSULTORA GALEGA S.L., e asinado polo arquitecto César Portela Fernández-Jardón e o sociólogo-urbanista D. Daniel Pino Vicente ,en execución do contrato de asistencia técnica suscrito co Concello de Vigo do 20 de xuño de 2000. SEGUNDO. O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente. TERCEIRO: Someter o expediente ó trámite de información pública durante un mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 da LOUGA, mediante anuncio que se*

---

<sup>1</sup> PEPRI Casco Vello, en diante, ou ben PEPRI

*publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse este anuncio en dous días consecutivos.*

*CUARTO: Previamente á aprobación definitiva remitir o expediente completo á Comisión Superior de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 94.4 da LOUGA e da Consellería de Cultura segundo prevé o artigo 78.4 RPU.*

1.2. O expediente completo someteuse ao trámite de información pública polo prazo dun mes, con anuncios no Diario Oficial de Galicia do 6 de abril de 2004, e no Faro de Vigo (13 e 14 de marzo de 2004), Voz de Galicia (12 e 13 de marzo e notificación individualizada a todos os propietarios do ámbito segundo a relación que figuraba, nesas datas no Catastro de bens inmobles do IBI, e do Rexistro da Propiedade, con publicación de editos nos concellos de Vigo, Tui, Baiona, Poio, Pontevedra, Cangas, Porriño, Redondela, Covelo, Pontearreas, Nigrán, Barcelona, Ourense, Lobios, O Barco de Valdeorras, A Coruña, Antigua, Donostia, Villanueva de la Cañada, Madrid e Pozuelo.

1.3. Durante dito período de información pública, que rematou o 7 de abril de 2004, recibíronse un total de 175 alegacións, segundo consta na certificación expedida polo titular do órgano de apoio da Xunta de Goberno Local, de data 7 de xullo de 2.004, que consta no expediente. Recibíronse ademais, un total de 20 alegacións máis fóra de prazo, ata facer un total de 195 que se consideran no expediente.

1.4. A totalidade das alegacións recibidas foron remitidas ao equipo redactor o 7 de outubro de 2004 para informe, contestando este o 15 de xullo de 2005, cunha primeira documentación que se comprobou polos servizos técnicos municipais, o que motivou a presentación, o 25 de novembro, da documentación rotulada con esta data.

1.5. Notificado o equipo redactor novamente o 30 de novembro de 2005, para introducir correccións, presentáronse estas o 7 de decembro de 2005. Esta documentación que se contén nun novo volume, que inclúe o informe do equipo redactor a todas as alegacións presentadas, así como todos os documentos refundidos, incorporando as correccións introducidas respecto dos que figuraron na aprobación inicial, como consecuencia da proposta de estimación de alegacións, informouse polos servizos técnicos e xurídicos das Oficinas de planeamento e Barrios históricos da Xerencia municipal de urbanismo o 19 de decembro de 2005.

1.6. O 20 de decembro de 2005, remitiuse o expediente á Dirección xeral de patrimonio cultural da Consellería de cultura e deporte da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no acordo de aprobación inicial e artigo 78.4 do Regulamento de planeamento urbanístico, recabando informe previo á aprobación definitiva do Plan. Este organismo emiteo o 16 de marzo de 2006 con entrada no Rexistro xeral do Concello o día 20, informe que modifica parcialmente a proposta de consideración das alegacións formulada polos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de urbanismo e segundo se reflicte na consideración das alegacións que se detalla no apartado 2 destes antecedentes. Estudadas as consideracións verquidas pola Dirección xeral, recabouse novo informe que finalmente emite o director xeral

o 27 de febreiro de 2007, e que se trata, xunto con anterior de xeito pormenorizado no punto sétimo do apartado II de "Avaliación xurídica" da presente proposta de resolución.

1.7. Asemade o 12 de xaneiro de 2006 remitiuse o expediente, segundo proposta de aprobación inicial do PEPRI e ó abeiro do disposto no artigo 94.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia<sup>2</sup>, á Comisión superior de urbanismo de Galicia da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia, recabando o informe favorable desta, toda vez que se considerou que a modificación do PEPRI puidera afectar a zonas verdes ou espazos libres públicos. Para isto achegouse un plano comparativo de zonas verdes e espazos libres entre o PERI vixente e o PEPRI en tramitación. Esta remisión obtivo contestación o 7 de xuño de 2006, entrando no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo o día 9, informe referido no punto oitavo do apartado II de "Avaliación xurídica" da presente proposta.

1.8. A representación do equipo redactor o día 22 de marzo de 2007 entrega as modificacións no PEPRI derivadas do informe último da Dirección xeral de Patrimonio cultural (memoria xustificativa e normativa urbanística).

1.9. A arquitecta municipal de Barrios Históricos, o 27 de marzo de 2007 informa que as modificacións últimas da Documentación definitiva non supoñen un cambio substancial en canto non afectan a cuestións de estrutura, criterios de ordenación ou catalogación, obxectivos ou estándares de planeamento e refírense a cuestións puntuais de normativa dirixidas a unha mellora e clarificación de temas arquitectónicos, de catálogo e normativa arqueolóxica.

## **2. INFORME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS**

O informe municipal de contestación ás alegacións consta no expediente ás páxinas 602-668 e parcialmente se transcribe de seguido. Sen embargo a proposta de estimación ou desestimación das alegacións en parte mírase alterada como consecuencia da preceptiva intervención da Dirección xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia na tramitación do expediente e que se relata no apartado correspondente da seguinte relación:

### **ALEGACIÓNS DENTRO DO PRAZO ESTABLECIDO NOS ANUNCIOS EN DIARIOS OFICIAIS, E NA CERTIFICACIÓN DE SECRETARÍA DO 07.07.2004 (ALEGACIÓNS DA Nº 1 Á 175).**

**ALEGAC. Nº:** 1  
**Nº DE DCTO:** 40023186  
**ALEGANTE:** José Manuel Rodríguez Garcia  
**DIRECCIÓN:** Zamar-Rubianes S/n/ Vilagarcián  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** "Panificadora"  
**OBXECTO:** NOVA ORDENACIÓN

### **INFORME:**

---

<sup>2</sup> LOUGA no sucesivo

A proposta de modificación da ordenación detallada que se presentou coa alegación estudouse polo equipo redactor, considerando este que *"...mellora a ordenación prevista no documento do PEPRI aprobado inicialmente..."*.

Os servizos técnicos municipais formularon determinadas observacións sobre o encontro coas edificacións do Paseo de Alfonso e Rúa Santiago que foron atendidas nos alzados da última documentación elaborada.

A aceptación da proposta final do equipo redactor, que modifica tanto a ordenación que figurou na aprobación inicial como a que acompaña á alegación, enténdese que é unha cuestión discrecional que pode considerarse xustificada na última documentación presentada.

En canto ó novo texto de convenio presentado xunto coa alegación, deben matizarse as seguintes cláusulas:

- Quinta: volver á redacción orixinal: *"...que se poidan materializar..."*
- décima, engadir a *obligatoriedade de solicitar e obter licenza de parcelación que autorice as segregacións e divisións das fincas no ámbito da Panificadora que se puideran practicar "*
- décimo primeira: relativa á fase de incorporación do convenio ó PEPRI, eliminala
- décimo segunda relativa ó procedemento de celebración e perfeccionamento do convenio, debendo referirse en todo caso á lexislación urbanística aplicábel, especialmente, apartados 3 e 4 do artigo 237 LOUGA: *"do texto definitivo do convenio darase vista á persoa que negociara o texto inicial, de modificarse a nova proposta. O texto definitivo ratificarase polo órgano competente (Pleno da Corporación), debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoas ou persoas interesadas"*.

De conformidade co artigo 32.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, xunto coa presentación de solicitudes e en todo caso antes de aprobarse o texto definitivo do convenio, deben incorporarse as escrituras públicas que acrediten a titularidade das fincas e representación invocada.

A proposta de texto de convenio definitivo deberá ser tramitado consonte ao artigo 237 da LOUGA, dando vista ás persoas que subscribiron o texto inicial previamente á súa aprobación definitiva.

**PROPOSTA:** SEGUNDO O EQUIPO REDACTOR, ESTIMACIÓN PARCIAL, coas rectificacións do convenio enriba sinaladas.

**ALEGAC. Nº:** 2  
**Nº DE DCTO:** 40028279  
**ALEGANTE:** Rafael González González  
**DIRECCIÓN:** R/ ABELEIRA MENÉNDEZ Nº11-3/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** Abeleira Menéndez 11-3  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA  
**INFORME:** COMPROBAR a Ficha 27634-11

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº: 3**

**Nº DE DCTO:** 40031968

**ALEGANTE:** M<sup>ª</sup> JOSE DEL MAR FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

**DIRECCIÓN:** TRAVESÍA DE VIGO Nº97-4º/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES 15

**OBXECTO:** ANULAR A ACTUACIÓN A-18

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, tendo en conta a licenza de obras outorgada polo Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo, mediante resolución do 16 de setembro de 2004

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº: 4**

**Nº DE DCTO:** 40032047

**ALEGANTE:** M<sup>ª</sup> MERCEDES GARCIA MOSQUERA

**DIRECCIÓN:** R/VELLA DE MADRID Nº135/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SUBIDA A COSTA N3

**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA. EXCLUSIÓN DA PARCELA DA AE-9

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, e tendo en conta que o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na sesión do 2 de febreiro de 2002 autorizoulle para cambiar a cuberta

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº: 5**

**Nº DE DCTO:** 40034460

**ALEGANTE:** MANUEL CABO GONZÁLEZ

**DIRECCIÓN:** R/CAPITÁN ELOY N 16-1-ESQD/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** JOAQUIN YAÑEZ N-4

**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA. CAMBIO NIVEL DE CATALOGACIÓN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, toda vez que por resolución do 2 de marzo de 1998 do Presidente da Xerencia municipal de urbanismo, autorizóuselle a baleirar o inmovible, dado o estado de ruína deste declarado na sesión realizada polo Consello da Xerencia o 8 de maio de 1997.

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº: 6**

**Nº DE DCTO:** 40034784

**ALEGANTE:** JOSE ENRIQUE PEREIRA MORALES

**DIRECCIÓN:** R/JACINTO BENAVENTE N29/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** RIBEIRA DO BERBÉS 29 POBOADORES 40

**OBXECTO:** MODIFICACIÓN FICHA. CAMBIO ALTURA POBOADORES A-9, 80

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº: 7**

**Nº DE DCTO:** 40035396

**ALEGANTE:** CESAR ÁLVAREZ ARINES

**DIRECCIÓN:** R/VELÁZQUEZ MORENO N12-1ª/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES N 52

**OBXECTO:** MANTER AS DETERMINACIÓN DAS LICENZA E CONSIDERACIÓN DOS ALZADOS COMA ORIENTATIVOS.

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR. O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, en sesión do 30 de agosto de 2002, autorizou ó alegante para construír unha vivenda unifamiliar composta de dous sotos, planta baixa con entreplanta, dúas plantas e baixo cuberta.

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 8

**Nº DE DCTO:** 40037343

**ALEGANTE:** JOSE ANTONIO VÁZQUEZ

**DIRECCIÓN:** R/JUNQUERA N2/ GONDOMAR

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/OLIVA N4 R/XOANELO N1

**OBXECTO:** INTRODUCIR MODIFICACIÓNS NAS FICHAS

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** 9

**Nº DE DCTO:** 40040876

**ALEGANTE:** IGNACIO DE LOYOLA PÉREZ RODRÍGUEZ

**DIRECCIÓN:** R/ELDUAYEN N7/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DE ERGÜELLES N1

**OBXECTO:** ERRO NA FICHA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 10

**Nº DE DCTO:** 40043069

**ALEGANTE:** MIGUEL ANGEL CASADO GARCIA SAMPEDRO

**DIRECCIÓN:** R/LAXE n-11/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/LAXE Nº11

**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI E DA DELIMITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR debendo engadirse que a declaración de Conxunto histórico se tramita segundo expediente separado do Plan especial

**PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 11

**Nº DE DCTO:** 40043105

**ALEGANTE:** FILIBERTO CESAR GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-3ºB/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/LAXE Nº11

**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI E DA DELIMITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 12

**Nº DE DCTO:** 40043232

**ALEGANTE:** ALFONSO GONZÁLEZ MARTINEZ  
**DIRECCIÓN:** R/VIA NORTE Nº20-6ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/TEOFILO LLORENTE N16  
**OBXECTO:** MODIFICACIÓN DA CONFIGURACIÓN DA CUBERTA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **13**  
**Nº DE DCTO:** 40043392  
**ALEGANTE:** ANA Mª CASAL PAZO  
**DIRECCIÓN:** R/PASEO DE ALFONSO XII-9-3 ÁTICO/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/ALFONSO XII Nº 9  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS DA FICHA. ELIMINACIÓN DO FORA DE ORDENACIÓN  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **14**  
**Nº DE DCTO:** 40043602  
**ALEGANTE:** JOSE LUÍS LORENZO AREAN  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE Nº11-6ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI E DA DELIMITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **15**  
**Nº DE DCTO:** 40043604  
**ALEGANTE:** LORENZO MATEOS VALLINOTO  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-4B/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/LAXE N 11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI E DA DELIMITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **16**  
**Nº DE DCTO:** 40043769  
**ALEGANTE:** DOLORES CASTRO NIETO  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-6ºb/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/CESTEIROS N9  
**OBXECTO:** SOLICITUDE DE LICENZA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que non consta a solicitude de licenza que se cita na alegación, senón unha solicitude de axuda ao Programa Urbana no ano 1999 que non foi concedida.  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **17**  
**Nº DE DCTO:** 40043772



**ALEGANTE:** JUAN LÓPEZ-CHAVES MELENDEZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N 11-6ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/LAXE N 11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **18**  
**Nº DE DCTO:** 40043774  
**ALEGANTE:** JUAN MANUEL RODRÍGUEZ GARCIA  
**DIRECCIÓN:** Zamar-Rubianes s/n/ Vilagarcía  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** "Panificadora  
**OBXECTO:** CAMBIO DE ORDENACIÓN (IGUAL A ALEGACIÓN Nº 1)  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR DA ALEGACIÓN Nº 1  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**, coas rectificacións do convenio sinaladas no informe á alegación nº 1/ No mesmo senso ca primeira alegación.

**ALEGAC. Nº:** **19**  
**Nº DE DCTO:** 40044057  
**ALEGANTE:** Mª NIEVES REMESAR CONDE  
**DIRECCIÓN:** R/SOTO MAIOR N3-4º-1º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/POBOADORES 57-59  
**OBXECTO:** ADICIÓN DUNHA PLANTA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR. Considerar ademais que está a piques de ser outorgada a licenza de obras núm. 52977.421 consensuada co equipo redactor, constando informes deste no expte. citado. Xa que logo a ficha debería recoller o estado final do inmovible trala concesión da licenza citada.  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **20**  
**Nº DE DCTO:** 40044744  
**ALEGANTE:** GRATO E. AMOR MORENO  
**DIRECCIÓN:** R/VELAZQUEZ MORENO 29-2º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** TEMAS XERAIS  
**OBXECTO:** CAMBIO DA DELIMITACIÓN DO PEPRI. AXUDAS ECONÓMICAS Á REHABILITACIÓN.  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que en canto á petición de exencións fiscais dirixidas a estimular e acelerar o axuste dos edificios ás esixencias do Plan especial, as Ordenanzas de tributos e prezos públicos de 2005 do Concello de Vigo, en concreto nos artigos 3 da Ordenanza 5 e artigo 5 da Ordenanza 50 recoñecen beneficios e exencións fiscais á execución de obras no ámbito do Casco Vello. Asemade carácter de incentivos económicos teñen as axudas que para a rehabilitación dos inmovibles nesta zona se outorgan segundo Convenios entre o Ministerio de Fomento, Instituto Galego da Vivenda e Solo e Concello de Vigo acollidas ó Plan de Vivenda. A maior abastanza, constituído o Consorcio para a rehabilitación do Casco Vello, en ausencia de iniciativa privada que acometa a rehabilitación nos prazos determinados neste PEPRI, será a administración pública a encargada da súa execución.  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** 21  
**Nº DE DCTO:** 40044759  
**ALEGANTE:** Mª del CARMEN GÓMEZ MILLARES  
**DIRECCIÓN:** R/SALAMANCA 11-1ºIZQDA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** R/POBOADORES-17 Int  
**OBXECTO:** ANULAR A ACTUACIÓN A-18  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 22  
**Nº DE DCTO:** 40044787  
**ALEGANTE:** JOSE LUIS SAEZ MARTÍN  
**DIRECCIÓN:** R/ENRIQUE BLEIN BUDIÑO N1-2ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** RONDA DE D. BOSCO/N CAMELIAS  
**OBXECTO:** OPOSICIÓN A QUE SE CUALIFIQUE COMO ÁREA DE INFRAESTRUTURAS-ZONA VERDE  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 23  
**Nº DE DCTO:** 40044427  
**ALEGANTE:** FELIPE ÁLVAREZ SUAREZ  
**DIRECCIÓN:** Avda/ GARCIA BARBON Nº 103-2B/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES  
**OBXECTO:** NON RECIBIR MAIS NOTIFICACIÓNS POR NON SER PROPIETARIO  
**INFORME:** NON É UNHA ALEGACIÓN  
**PROPOSTA:** Comunicación ós servizos administrativos do Concello

**ALEGAC. Nº:** 24  
**Nº DE DCTO:** 40044972  
**ALEGANTE:** Mª CRISTINA BARREIRO CASTRO  
**DIRECCIÓN:** R/ANDALUCÍA N-19-2º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CANOVAS DEL CASTILLO Nº22  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** DESESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 25  
**Nº DE DCTO:** 40045006  
**ALEGANTE:** JAVIER POZO FIDALGO  
**DIRECCIÓN:** R/MARQUES DE VALLADARES 14-4/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** REAL N8  
**OBXECTO:** MODIFICACIÓN DA FICHA DO EDIFICIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 26  
**Nº DE DCTO:** 40045347  
**ALEGANTE:** PILAR PÉREZ-LAFUENTE URIZAR  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-10B/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **27**  
**Nº DE DCTO:** 40045350  
**ALEGANTE:** ANA Mª CRESPIAN GOICOECHEA  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-4D/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **28**  
**Nº DE DCTO:** 40045354  
**ALEGANTE:** PEDRO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE N11-3A/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE 11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **29**  
**Nº DE DCTO:** 40045356  
**ALEGANTE:** Mª EMILIA COMPANYY PALMAS  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N 11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **30**  
**Nº DE DCTO:** 40045359  
**ALEGANTE:** FILIBERTO CESAR GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N 11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **31**  
**Nº DE DCTO:** 40045361  
**ALEGANTE:** AURITA GARZA DOMÍNGUEZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE Nº11-10ªA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** S EGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 32  
**Nº DE DCTO:** 40045363  
**ALEGANTE:** MARGARITA VOR KAUF PARDO  
**DIRECCIÓN:** R/11-8º-C/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** S SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:**33  
**Nº DE DCTO:** 40045367  
**ALEGANTE:** MARGARITA VOR KAUF PARDO  
**DIRECCIÓN:** R/ LAXE 11-8ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 34  
**Nº DE DCTO:** 40045369  
**ALEGANTE:** Mª ANTONIA MONTOYA LARRAÑAGA  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-9ºC/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 35  
**Nº DE DCTO:** 40045371  
**ALEGANTE:** JESUS PÉREZ COSTAS  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-6ºB/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 36  
**Nº DE DCTO:** 40045373  
**ALEGANTE:** ANGEL Mª SAENZ-DIEZ CABELLO  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 37  
**Nº DE DCTO:** 40045374  
**ALEGANTE:** PAULA FREIRE GARCIA  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-4ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11

**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **38**  
**Nº DE DCTO:** 40045377  
**ALEGANTE:** LUCIANO DIAZ-CASTROVERDE DE BENAVENTE  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-2ºB/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **39**  
**Nº DE DCTO:** 40045378  
**ALEGANTE:** FRANCISCO GARCIA BOUZA  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-2ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **40**  
**Nº DE DCTO:** 40045380  
**ALEGANTE:** MARIANO GUTIERREZ BREA  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-7ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **41**  
**Nº DE DCTO:** 40045382  
**ALEGANTE:** JOSE MANUEL FERNÁNDEZ ABEIJÓN  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-7ºA/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** Exclusión da Delimitación do ámbito do PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **42**  
**Nº DE DCTO:** 40045383  
**ALEGANTE:** ENRIQUE NIETO BERMUDEZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-2ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **43**

**Nº DE DCTO:** 40045385  
**ALEGANTE:** VIGOFOTO S.L.  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N 11  
**OBXECTO:** Exclusión da Delimitación do ámbito do PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **44**  
**Nº DE DCTO:** 40045387  
**ALEGANTE:** AURORA BERMUDEZ MARTINEZ  
**DIRECCIÓN:** R/LAXE 11-4ºC/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE N11  
**OBXECTO:** EXCLUSIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PEPRI  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **45**  
**Nº DE DCTO:** 40045407  
**ALEGANTE:** Mª del CARMEN PÉREZ BALUJA  
**DIRECCIÓN:** R/TORRECEDEIRA 54-1-I/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES N36  
**OBXECTO:** ANULAR A ACTUACIÓN A-19  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **46**  
**Nº DE DCTO:** 40045408  
**ALEGANTE:** IGNACIO JOSE PÉREZ BALUJA  
**DIRECCIÓN:** R/JENARO DE LA FUENTE N5-8ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES N 36  
**OBXECTO:** ANULAR A ACTUACIÓN A-19  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **47**  
**Nº DE DCTO:** 40045471  
**ALEGANTE:** FERNANDO Mª MASAVEU HERRERO  
**DIRECCIÓN:** R/CIMADEVILLA N 8/ OVIEDO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DO REI  
**OBXECTO:** ANULAR A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DA CONCESIÓN  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR.

Ademais debe engadirse o seguinte:

Como cuestión previa sinalar que as referencias que o equipo redactor fai ó sistema de expropiación deben entenderse á expropiación como actuación asistemática, toda vez que estamos ante solo urbano consolidado.

**Primeiro.- Respecto á concesión administrativa:** O Concello Pleno, na sesión do 30 de maio de 1997 autorizou a Tegecovi S.A a transmisión a Masaveu da concesión administrativa da elaboración do Proxecto de urbanización da Praza do Rei e da Unidade de actuación no PERI CV e execución de urbanización da Praza e da UA mediante o sistema de expropiación, así como da construción e explotación de concesión dun aparcadoiro baixo a Praza.

Respecto ás condicións que rexeron a concesión da expropiación da Unidade de actuación, son as seguintes:

A.- **OBJECTO** A execución, polo sistema de expropiación, da urbanización completa da UE Praza do Rei, de acordo coa delimitación aprobada polo Concello na sesión do 28 de maio de 1992, e de conformidade coas determinacións do Plan especial.

A execución da urbanización comporta: a expropiación dos inmobles e dereitos; a derruba dos edificios, a urbanización das vías e espazos libres

B.- **CONTIDO DA CONCESIÓN**

O Concesionario como retribución económica da concesión, terá as seguintes compensacións:

- a) A plena propiedade dos terreos ou fincas expropiadas comprendidas na unidade, susceptibles de edificación privada, co aproveitamento urbanístico

Como obrigas:

- a) Executar e desenvolver integramente a urbanización da unidade de actuación, conforme ó plano e proxecto de urbanización, realizando a súa costa as obras de urbanización, instalacións, plantacións e demais equipamentos previstos neste, de conformidade coa LS.
- b) Satisfacer as indemnizacións correspondentes ós bens e dereitos expropiados, dentro do prazo fixado conforme á normativa sobre expropiación forzosa
- c) Cesión ó Concello de 350 m<sup>2</sup> dos baixos a nivel da Praza do Rei do edificio en forma de "L"
- d) Levar a cabo a edificación

En canto ás condicións da concesión, o aptdo. B do prego de condicións que rexeu o concurso, para a elaboración do Proxecto de urbanización da Praza do Rei e Unidade de actuación no PERI, e execución da urbanización da citada Praza e da UA mediante o sistema de expropiación, así como da construción e explotación da concesión dun aparcadoiro baixo a Praza, o adxudicatario asumirá o financiamento dos proxectos e da totalidade das obras, e o aptdo C., fixa coma prazo para a urbanización e construción dos edificios o de quince meses dende o momento en que se poidan ocupar os terreos

**Segundo.- Respecto á expropiación previa por parte do Concello:** O Concello-Pleno, o 28 de decembro de 1996, aproba inicialmente o procedemento de taxación conxunta da Unidade de actuación Praza do Rei, publicado no BOP do 18 de abril de 1997, e segundo expte. 700.130. Posteriormente o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, o 21 de novembro de 1997, informa as alegacións

presentadas e remite o expediente ó Delegado provincial da Consellería de Política territorial, Obras públicas e Vivenda para a súa aprobación definitiva. O 19 de xuño de 1998 o Delegado resolve aprobar o expediente de expropiación referido ás fincas 2662002, 2662003, 2662004, 2662018, 2662020, 262005, 262011, 262012, 262016, 262021. Esta aprobación supuxo a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento produce o efecto da inmediata ocupación dos bens.

O 6 de agosto sinálase que o 27 de agosto de 1998 procederáse ó pagamento, comunicando a Masaveu que compareza para facer fronte a estes. Pagáronse as fincas 2662002, 2662003, 2662004 e 262016 quen asinaron a acta de ocupación administrativa. O 18 de setembro de 1998, consignáronse na Caixa Xeral de depósitos as valoracións aprobadas dos predios 2662018, 2662020, 262005, 262011, 262012 e 262021.

O 1 de outubro de 1998, pónense a disposición da entidade a totalidade dos terreos, cumprindo esta administración coa súa obriga de poñer a disposición da concesionaria dos terreos afectados.

**Terceiro.- Sobre o exercicio do “ius variandi” na potestade de planeamento** significar, que a xurisprudencia ten consolidado o criterio do “*ius variandi*” no exercicio pola administración da potestade de planeamento, como consecuencia da gran liberdade que ten o planificador para elixir o modelo urbanístico, zonificación, usos, intensidades de usos, áreas de reparto, ámbitos de xestión, o que non pode supoñer arbitrariedade nos criterios de elección, pois sempre as súas decisións deben de estar presididas pola racionalidade e finalidade de servizo ó ben común.

A memoria do Plan especial que se está a tramitar xustifica como de interese público a elección da expropiación cando se trata de obter dotacións en beneficio de toda a cidade.

Ademais da xurisprudencia citada polo equipo redactor podemos citar ó caso: *SSTS de 30 de novembro de 2004, sección 5ª, RJ 2005/1721, que remiten ó art. 154 RPU (art. 92.1 e 94.1 LOUGA) razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, creación de novas dotacións urbanísticas públicas); da mesma sección 5ª a de 5 de maio de 2004, RJ 2004/5441; sección 5ª 18 de decembro de 2003, RJ 2005/ 3283; do 7 de xullo de 2003, RJ 2003/6312; .sen prexuízo das indemnizacións que en dereito procedan.*

**Como xurisprudencia propia da Comunidade autónoma galega podemos citar:**

STSXG sección 2ª do 15 de febreiro de 2001, RJCA 2001/189:

Fundamento de dereito quinto: *“Na potestade de planeamento existe un amplo marxe para a discrecionalidade da Administración competente. Asemade, a natureza normativa dos planes e a necesidade dos adaptar ás esixencias cambiantes do interese público, xustifican o ius variandi da Administración fronte ó*



*que no se poden opoñer os dereitos dos propietarios con independencia das indemnizacións que puideran proceder.*

STSXG 1308/2000, sección 2ª de 5 de outubro de 2000, RJCA 2000/2688:

Fundamento de dereito segundo: *“como razoa a Administración demandada ó contestala, nin as clasificacións anteriores dos terreos fan nacer nos particulares o dereito a que se manteñan, nin os convenios ós que puideran ter chegado coa Administración poden significar unha limitación ó **exercicio** por esta do ius variandi no deseño do planeamento urbanístico, sempre que dito exercicio atenda ás esixencias do interese público, concretadas na obtención da mellor ordenación posible. Así o ten declarado unha reiterada e uniforme doutrina de xurisprudencia, establecida nas sentenzas que se citan na contestación e noutras posteriores, como as do 23-7-1999 (RJ 1999, 6076); 28-1-2000 (RJ 2000, 578) e 4-2-2000 (RJ 2000, 591).*

STSXG 66/1999, sección 2ª de 28 de xaneiro de 1999, RJCA 2000/1959:

Fundamento de dereito “TERCEIRO”: *Como ten declarado con reiteración a Xurisprudencia, o ius variandi da Administración ten unha das súas principais manifestacións en materia de planeamento urbanístico, na que existe un amplo marxe de discrecionalidade dada a natureza normativa dos plans e a necesidade dos adaptar ás cambiantes esixencias do interese público. Fronte a dita facultade administrativa non cabe opoñer os dereitos dos propietarios, sen prexuízo da compensación que poidan ter dereito a recibir de resultar afectados. Esa actuación administrativa discrecional pode ser, sen embargo, obxecto de revisión na vía xurisdiccional, que controlará, en casos como o presente, a realidade dos feitos determinantes e que non existan desviacións dos criterios xerais de planeamento, a fin de evitar que o discrecional se converta en arbitrario”*

**Cuarto.- Sobre a existencia dun suposto dereito a indemnizar** pola previsión polo PEPRI dun área dotacional, considérase que non existe tal dereito a indemnizar, cuestión por certo a resolver noutro tempo, nunca coa aprobación do Plan especial, senón en expediente ó efecto no que se concrete a existencia do dano e a súa avaliación económica. A previsión dunha nova expropiación non xera por si mesma un dereito a indemnizar, toda vez que a administración estaría a exercer o “*ius variandi*” no exercicio da potestade de planeamento segundo xurisprudencia citada, considerándose de interese público a expropiación, como privación forzosa da propiedade que implica un prezo xusto que se lle abonaría á propietaria.

**Quinto.- Por último, respecto á existencia dun desequilibrio económico na concesión**, debe ser no expediente da concesión administrativa e no contrato suscrito no que se resolva esta cuestión. Significar que segundo os antecedentes do expediente da concesión descritos nos apartados primeiro e segundo a adxudicataria, por subrogación a Corporación Masaveu, non cumpriu coas cláusulas do prego de condicións da concesión. En todo caso reiterar que a expropiación implica un prezo xusto, de tal forma que a privación a propiedade esixe un previo pago do seu valor económico segundo normas de avaliación contidas na lexislación estatal sobre réxime do solo e avaliacións.

**PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 48  
**Nº DE DCTO:** 40045538  
**ALEGANTE:** JUAN MELANIO GALLEGO GARCIA  
**DIRECCIÓN:** R/ROSALIA DE CASTRO Nº50-3º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES N19  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN ERRO FICHA MANTEMENTO A-18 SINO COMPENSACIÓN  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 49  
**Nº DE DCTO:** 40045544  
**ALEGANTE:** Mª CRUZ RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ  
**DIRECCIÓN:** R/SANJURJO BADIA N 95-1ºD/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** REAL N23  
**OBXECTO:** MODIFICACIÓN DA FICHA DO EDIFICIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 50  
**Nº DE DCTO:** 40045666  
**ALEGANTE:** LUIS FREIJEIRO SANTORIO  
**DIRECCIÓN:** R/TRAVESÍA ESPERANZA 7 BAIXO/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** TRAVESÍA ESPERANZA 7  
**OBXECTO:** MODIFICACIÓN ALTURA ULTIMA PLANTA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 51  
**Nº DE DCTO:** 40045720  
**ALEGANTE:** ELVIRA DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ  
**DIRECCIÓN:** R/ECUADOR N 58-3º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA PEDRA N 10  
**OBXECTO:** PERMITIR UNHA ALTURA MAIS NO EDIFICIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 52  
**Nº DE DCTO:** 40045724  
**ALEGANTE:** SANTIAGO BARROS PORTAS  
**DIRECCIÓN:** R/MANUEL NUÑEZ N2-3º OFI. 4/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PORTA DO SOL N 4  
**OBXECTO:** PERMITIR A RECONSTRUCCIÓN DA CUBERTA ORIXINAL  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 53  
**Nº DE DCTO:** 40045758  
**ALEGANTE:** DOLORES GARCIA BARCALA  
**DIRECCIÓN:** /VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SAN FRANCISCO N 11  
**OBXECTO:** NON CEDER O SOPORTAL, CORRECCIÓN NO ERRO NA FICHA  
**INFORME:** S EGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** 54  
**Nº DE DCTO:** 40045802  
**ALEGANTE:** FRANCISCO J. MARTINEZ VÁZQUEZ  
**DIRECCIÓN:** TRAVESÍA DE VIGO N 99-3º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** "ASILO" "PANIFICADORA"  
**OBXECTO:** Distintas son as argumentacións da alegación formulada:

Primeiro.- Sobre o momento da aprobación do PEPRI.  
Entende que o tratamento que o PEPRI dispensa ó Asilo e Panificadora conculca a finalidade de protección dun ámbito singular, artigo 68.2 LOUGA, así como a desatinada consideración coma solo urbano consolidado, toda vez que non se distribúen equitativamente os beneficios e cargas e os de asegurar a participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.

Segundo.- Tratamento concreto das áreas do Asilo e Panificadora

#### **Asilo.**

Afirma unha vinculación da propiedade a un uso específico de asilo de anciáns, circunstancia non considerada no PEPRI e que se produce un cambio de uso e desorbitado aumento da edificabilidade e densidade, pasando de 1486 a 3907 m2 edificabilidade/m2 solar e de cero a 351,69 viv./Ha. Considera que a tipoloxía non é congruente coas características do contorno.

Como contraprestación manifesta que a comunidade só recibe unha cesión de solo para novo vial, ampliación de existente e praza-miradoiro de 440 m2.

Entende que a ordenación da zona en canto a uso, tipoloxía e edificabilidade difire da existente na finca e que precisa dun proceso de urbanización e de reparto de beneficios e cargas, en consecuencia estaríamos ante un solo urbano non consolidado.

#### **Panificadora.-**

Afirma a súa sorpresa porque o PEPRI ignore unha situación de distintas fincas e propietarios e non remita a algún dos tipos de actuación previstos na lei para desenvolver o planeamento fixado para esta unidade.

Afirma que se cambia o uso a comercial e residencial e se incrementa a edificabilidade en 9.331,16 m2, de 1,80 a 3,14 m2/m2 e de cuxos beneficios se volve excluír á comunidade, pasando a densidade de 0 a 282,90, con características tipolóxicas alleas ó PEPRI.

Cencénase o conxunto como representativo de arquitectura industrial urbana. Entende que se está ante un solo sobre o que se propón un uso, aproveitamento e aumento de edificabilidade substancialmente diferente ó actualmente existente, que precisa procesos de urbanización e de reforma interior con cesións de solo para

praza e dotacións, e en onde é necesario proceder a unha distribución de beneficios e cargas, en consecuencia solo urbano non consolidado con obriga de cesión do 10%.

Terceiro.- Nulidade de pleno dereito das estipulacións que contraveñan normas imperativas. Art. 233.3 LOUGA.

SOLICITA:

Sexan considerados estes ámbitos como solo urbano non consolidado, con deberes de conservación da fachada do Asilo e do conxunto de silos-edificacións pegadas no caso da Panificadora; subsidiariamente que a edificabilidade total asignada non supere a existente, con iguais deberes de conservación; e subsidiariamente que o *"aproveitamento lucrativo da edificabilidade para a propiedade"* sexa como máximo a superficie que ten actualmente construída sobre as fincas coa obriga de cesión gratuíta do exceso para o municipio para reserva de solo para construír vivendas protexidas e igual conservación dos elementos referidos.

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR engadindo o seguinte:

**Primeiro.-** Compártese a contestación do equipo redactor. O Plan xeral de 1993 é unha disposición de carácter xeral, vixente e eficaz en Vigo. A maior abastanza o Plan xeral aprobado inicialmente, documento ó que alegante entende debe diferirse a aprobación do PEPRI ante a incerteza e provisionalidade que se xeraría polas previsións que este novo Plan poida conter sobre o Casco Vello, incorpora ó PEPRI en tramitación, concedendo xa que logo o seu beneplácito ó documento que se discute.

Trabúcase o alegante cando cita o artigo 68.2 LOUGA para definir a finalidade do Plan especial, pois estamos ante un Plan especial que desenvolve as previsións contidas no Plan xeral, tal e como consta no acordo de aprobación inicial do PEPRI, punto 2. OBXECTO, último parágrafo, por suposto que coa finalidade de protexer un ámbito singular tal é o Casco Vello, levando a cabo operacións de reforma interior e coordinando a execución de dotacións urbanísticas.

Asemade efectuouse unha revisión da catalogación vinculada ás estratexias e políticas de rehabilitación que se propoñen, protexendo aqueles elementos que se consideraron debían ser conservados polos seus valores arquitectónicos, históricos, funcionais, estéticos, o que non significa que toda a edificación do ámbito deba estar catalogada, apreciando incluso a existencia de inmobles alleos ás características tipolóxicas dos máis tradicionais do Casco Vello, pero que se emprazan no ámbito do Plan especial en escrupuloso respecto ó ámbito delimitado polo Pan xeral de 1993.

Non xustifica a necesidade de conservar todo o conxunto da Panificadora, limitándose a afirmar a condición do conxunto como representativo de arquitectura industrial urbana, mentres que en relación coa fachada do Asilo non se aporta opinión ou ditame de persoa coa capacidade profesional suficiente para avaliar as calidades desta, sendo a falta de xustificación absoluta.

Asemade, a Consellería de patrimonio cultural da Xunta de Galicia, con competencias exclusivas sobre a protección do patrimonio cultural da nosa Comunidade autónoma, tal e como reza o artigo 2.1 da Lei 8/19995, do 30 de outubro de protección do patrimonio cultural de Galicia, mediante resolución do director xeral de 6 de xuño de 1999, accedeu á descatalogación do edificio. Xa que logo a necesidade de catalogación invocada, considérase coma un xuízo de valor subxectivo carente de fundamento algún.

## **Segundo.- Asilo**

Compártese a contestación do equipo redactor.

As relacións xurídico-privadas-dominicais son alleas ó Plan especial. De se vulnerar acordos privados sobre destinos e usos das fincas resolveranse segundo en dereito proceda, estándolle vedado á Administración municipal decidir sobre cuestións que non son propiamente de dereito público, debendo velar na ordenación urbanística proposta unicamente polo interese público e nunca dun particular.

Non xustifica o alegante porqué estaríamos ante un solo urbano non consolidado, limitándose a afirmalo.

Debe terse en conta que o convenio, no que por certo, se reduce a edificabilidade pasando de 17.500 a 11.600 m<sup>2</sup> e se cambia o uso a residencial, dado o traslado á parroquia de Alcabre do Asilo, non se introduce ex novo, senón que o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 24 de maio de 2001, prestou a súa conformidade ó Convenio, que modifica outro anterior do 16 de abril de 1999, data en que o Consello da mesma Xerencia adoptou por maioría o acordo de subscribir o Convenio coa Congregación das Hermanitas dos anciáns desamparados.

Resulta dabondo a xustificación que ofrece o equipo redactor sobre a imposibilidade de clasificar e dar categoría ó solo polo Plan especial e réxime xurídico urbanístico do solo aplicable polas súas características segundo DT1<sup>a</sup> LOUGA en su redacción por Lei 15/2004.

En calquera caso o concepto de “consolidación” se deriva da Lei 6/1998, referido ó grao de urbanización necesaria, é dicir, o que xa está transformado e conta con todos os servizos urbanísticos. Non se debe esquecer a definición que a lei galega do solo contén sobre o solo urbano consolidado “positiva”: solares e parcelas que polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento, poidan adquirir a condición de solar (art. 12.a LOUGA).

Un mero cambio de uso de dotacional a residencial, caso que se estuda, non é dabondo para considerar o solo coma urbano non consolidado, así o manifesta o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Sentenza núm. 448/2003 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2<sup>a</sup>), do 8 maio da Xurisdición: Contencioso-Administrativa, no recurso contencioso-administrativo núm. 4011/1999.

## **Panificadora**

Tampouco estamos ante un convenio novo, senón que o propio Plan especial de reforma interior do Casco Vello, aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 1991, incorporou como Unidade de actuación número VII o suscrito entre o Concello e a propiedade o 22 de agosto de 1988. Esta ordenación non se discutiu nunca.

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo en sesión do 31 de maio de 2001 prestou a súa conformidade ó Convenio que agora se tramita e que modifica o anterior.

Reprodúcense as consideracións que para o Asilo se expuxeron no apartado anterior en canto á propiedade e categorías do solo. A existencia dun único propietario ou varios transcenderá ó réxime xurídico da propiedade privada, pero non ó desenvolvemento urbanístico, que ven determinado polo criterio da consolidación do solo, de tal forma que estando ante un solo urbano consolidado ademais das esixencias propias do conveniado, só serán precisas operacións complementarias de urbanización, mentres que se estivésemos ante un solo non consolidado sería preceptivo desenvolver un proceso completo de xestión, executando unha urbanización integral da zona, efectuando as cesións de aproveitamento e de solo precisas, e distribuíndo os beneficios e cargas entre os propietarios afectados.

**ALEGAC. Nº:** 155  
**Nº DE DCTO:** 40059306  
**ALEGANTE:** MANUEL Mª CARNICERO GARRIDO  
**DIRECCIÓN:** SAN AMARO 36 BAIXO/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SAN VICENTE 6/ CHAO 9  
**OBXECTO:** INDEFENSIÓN/RIXIDEZ NORMATIVA/SÓ PROTECCIÓN DAS FACHADAS/ POSIBILIDADE DE APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA/ NON LIMITACIÓN Á CONFIGURACIÓN E USOS  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que, respecto á indefensión manifestada, é doutrina de xurisprudencia que esta tería que se producir necesariamente, circunstancia que non se produce en canto o interesado formula a alegación en termos que demostran un certo coñecemento do Plan especial.

**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**INTERVENCIÓN SECTORIAL DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA:** A Dirección Xeral, no seu informe, estima necesario o aumento dunha planta no inmovible da parcela catastral 26643-07, na conformación da fronte por San Vicente, ó se tratar de arquitectura semellante ás das pezas contiguas -10 e -11, debendo ofertar presenza e remate común.

Asemade, indícase a obriga de retomar a situación de fondos edificatorios e elementos en fóra de ordenación da aprobación inicial, nas pezas anteditas.

Tralo período de información pública e alegacións, introdúcese o cambio de altura na edificación: aumento dunha planta na parcela 07, con conformación posterior, na fronte por Chao, de terrado retranqueado apoiado nun fondo que vai crebando ata a liña da parcela 11.

O obxectivo era regular a edificación da parcela 07, precisamente no sentido da indicación realizada dende a Dirección Xeral, máis nese caso en planta enteira e cun certo retranqueo, de terraza tralo peto, por San Vicente.

Na solución que agora se incorpora, hai unha volta á situación de aprobación inicial:

- a) Complétase a fachada por San Vicente con aumento dunha planta ata o fondo do patio traseiro polo calello da rúa Caracol; o resto da edificación permanece no seu estado actual.
- b) Mantéñense as conformacións actuais das pezas 10 e 11 agás o retranqueo imposto por Chao que implica un volume construído en fóra de ordenación.

**ALEGAC. Nº:** 156  
**Nº DE DCTO:** 40059311  
**ALEGANTE:** MARCOS TRONCOSO ALONSO  
**DIRECCIÓN:** HERVILLÁS 23 - VINCICIOS/ GONDOMAR  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PASEO DE ALFONSO XII 21  
**OBXECTO:** NON DEIXAR FÓRA DE ORDENACIÓN A ÚLTIMA PLANTA RETRANQUEADA NIN O VOLUME SAÍNTE NO PATIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 157  
**Nº DE DCTO:** 40059312  
**ALEGANTE:** COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE ALFONSO XII 21  
**DIRECCIÓN:** PASEO DE ALFONSO XII 21/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PASEO DE ALFONSO XII 21  
**OBXECTO:** NON DEIXAR FÓRA DE ORDENACIÓN A ÚLTIMA PLANTA RETRANQUEADA NIN O VOLUME SAÍNTE NO PATIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 158  
**Nº DE DCTO:** 40054894  
**ALEGANTE:** VIGO CB  
**DIRECCIÓN:** LÓPEZ MORA 76 5º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PORTA DO SOL 2

**OBXECTO:** CORRIXIR DATOS FICHA/ EXISTENCIA DE SOTO/ ALTURA MÉTRICA/  
TAPADO DE MEDIANEIRA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **159**

**Nº DE DCTO:** 40059734

**ALEGANTE:** LAIMO S.L.

**DIRECCIÓN:** AVDA. DIAGONAL 463 BIS 8º/ BARCELONA

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PORTA DO SOL 11/ ABELEIRA MENENDEZ 3

**OBXECTO:** CORRIXIR FICHA: Nº DE VIVENDAS/ SUPERFICIE DE PARCELA/  
SUPERFICIE OCUPADA/ SUPERFICIE CONSTRUÍDA ACTUAL E SEGUNDO NORMATIVA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **160**

**Nº DE DCTO:** 40060094

**ALEGANTE:** ALBERTO DE COMINGES MOLÍNS

**DIRECCIÓN:** MONTERO RÍOS 16-1º/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CARRAL 13

**OBXECTO:** POSIBILIDADE DE BALEIRADO INTERIOR COMPLETO/ CONSTRUCCIÓN DE  
MAIS DUNHA VIVENDA POR PLANTA/ MODIFICACIÓN DAS ALTURAS LIBRES DAS  
VIVENDAS/ INSTALACIÓN DE ASCENSOR/ ABRIR NOVOS OCOS DE VENTILACIÓN E  
ILUMINACIÓN NA CUBERTA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **161**

**Nº DE DCTO:** 40060161

**ALEGANTE:** MARÍA CARLOTA NOGUEIRA ABREU

**DIRECCIÓN:** ROSALÍA CASTRO 59/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA CONSTITUCIÓN 10

**OBXECTO:** A PROTECCIÓN DA ESCALEIRA IMPEDIRÍA INSTALAR UN ASCENSOR

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **162**

**Nº DE DCTO:** 40060417

**ALEGANTE:** MIGUEL ANGEL CASADO GARCÍA-SAMPEDRO

**DIRECCIÓN:** LAXE 11-9º B/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** LAXE 11

**OBXECTO:** EXCLUÍR DO PEPRI

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **163**

**Nº DE DCTO:** 40060444

**ALEGANTE:** JOSÉ COIRA DOMÍNGUEZ

**DIRECCIÓN:** CAMIÑO DA SIMONA 18- VALLADARES/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CHAO 17



**OBXECTO:** AFECCIÓN A ESCALEIRAS DE ENTRADA Ó BAIXO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **164**  
**Nº DE DCTO:** 4000527  
**ALEGANTE:** SUMINISTROS NAVALES REYMAR S.L.  
**DIRECCIÓN:** ALMACÉN 10 NAVE 2 ZONA FRANCA- BOUZAS/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CÁNOVAS DEL CASTILLO 6  
**OBXECTO:** **CORRECCIÓN** DATOS FICHA ESTADO ACTUAL OCUPACIÓN BAIXO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **165**  
**Nº DE DCTO:** 40060678  
**ALEGANTE:** JOSÉ ALONSO LORENZO  
**DIRECCIÓN:** CELSO EMILIO FERREIRO 3- 5º B/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** **RÚA** ALTA 29  
**OBXECTO:** EXISTENCIA DE VENTÁS LINDEIRAS (VER ALZADOS DE ESTADO ACTUAL)  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **166**  
**Nº DE DCTO:** 40061015  
**ALEGANTE:** GRACIELA VÁZQUEZ PEREIRO  
**DIRECCIÓN:** CANCELEIRO 12-3º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SUBIDA Ó CASTELO 11  
**OBXECTO:** **OPOSICIÓN** Á EXPROPIACIÓN/ TEN INTENCIÓN DE REPARAR E USAR  
PERSONALMENTE A SÚA PROPIEDAD/ ANTES NON SE PODÍA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **167**  
**Nº DE DCTO:** 40061282  
**ALEGANTE:** ENRIQUE VÁZQUEZ ROMÁN  
**DIRECCIÓN:** PLAZA HOUSTON 14-6º/ HUELVA  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:**  
**OBXECTO:** DOCUMENTACIÓN EN GALEGO  
**INFORME:** Cumprimentouse o solicitado polo interesado, remitíndolle a  
información solicitada, sen que se presentasen alegacións.  
**PROPOSTA:** **NON É UNHA ALEGACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **168**  
**Nº DE DCTO:** 40057796  
**ALEGANTE:** ALFREDO MÁRQUEZ ÁLVAREZ  
**DIRECCIÓN:** GAMBOA 10/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** GAMBOA 10  
**OBXECTO:** **CORRECCIÓN** FICHA/ PLANOS DE CUBERTAS E ALZADOS/ PATIO POLA  
RÚA BALLESTA/ PERMITIR OCUPACIÓN 100% OU INCREMENTO DE OCUPACIÓN PARA

ACCESOS E ESCALEIRAS/ POSIBILIDADE DE CUBRICIÓN DO PATIO/ LETREIRO DA CERVEXERÍA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **169**

**Nº DE DCTO:** 40062430

**ALEGANTE:** ROBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

**DIRECCIÓN:** CRUZ VERDE 7/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CRUZ VERDE 7

**OBXECTO:** **OPOSICIÓN** A MODIFICACIÓNS NA FICHA/ FÓRA DE ORDENACIÓN PARTE DA FACHADA/ OBRAS URBAN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **170**

**Nº DE DCTO:** 40062889

**ALEGANTE:** ISIDORO MUÍÑOS VILLAR

**DIRECCIÓN:** ELDUAYEN 36-6ºD/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PASEO DE ALFONSO XII 31

**OBXECTO:** CORRECCIÓNS NA FICHA DE CARACTERÍSTICAS/ RECTIFICAR PARTE GRÁFICA ALIÑACIÓN INTERIOR/ POSIBILIDADE DE REESTRUTURACIÓN INTERIOR

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **171**

**Nº DE DCTO:** 40062921

**ALEGANTE:** MANUEL GREGORIO MARTÍNEZ

**DIRECCIÓN:** LLORENTE 7/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** **POBOADORES 20**

**OBXECTO:** SOLICITA ARRANXO DE FACHADAS E CUARTO DE BAÑO AFECTADOS POR APERTURA DE NOVO VIAL

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **172**

**Nº DE DCTO:** 40063151

**ALEGANTE:** JOSÉ ÁLVAREZ PÉREZ

**DIRECCIÓN:** SANTA MARTA 8/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SANTA MARTA 8

**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA/ NON DEIXAR FÓRA DE ORDENACIÓN PLANTA RECUADA/ POSIBILIDADE DE MANTER PERSIANAS DE PVC AO EXTERIOR

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** **173**

**Nº DE DCTO:** 40064179

**ALEGANTE:** MANUEL CASAL CARREIRO

**DIRECCIÓN:** GARCÍA BARBÓN 9-11 5º B/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SAN BERNARDO 9

**OBXECTO:** IGUAL ALEG 103/ PERMITIR SUBSTITUCIÓN INTEGRAL, A OCUPACIÓN TOTAL DO FONDO DE PARCELA EN BAIXO CUBERTA/ PERMITIR O APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA EXISTENTE

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 174

**Nº DE DCTO:** 40065946

**ALEGANTE:** FERNANDO OYA PÉREZ (\*)

**DIRECCIÓN:** REPÚBLICA ARGENTINA 22 ESC 1ª PISO 3º OFICINA 3/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SAN FRANCISCO 29

**OBXECTO:** MODIFICAR AS CONDICIÓN S PARA O EDIFICIO DADA A LICENZA DE DEMOLICIÓN E SUBSTITUCIÓN EN EXECUCIÓN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que en canto á licenza de rehabilitación, solicitada no ano 2003, expte. 48270.421, requiríuselle para que presentase documentación que achega en xuño de 2005. De existir dereito a indemnización tramitaríase en expediente ó efecto.

**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 175

**Nº DE DCTO:** 40069212

**ALEGANTE:** BENJAMÍN MOO ALONSO

**DIRECCIÓN:** LIRA-OUTEIRO 10 (SALVATERRA DO MIÑO)/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA IGREXA 9

**OBXECTO:** RELACIÓN PEPRI PLAN XERAL REVISIÓN/AUSENCIA DE INTERESE PÚBLICO PARA URXENTE FORMULACIÓN FÓRA DA REVISIÓN/APLICACIÓN DA LOUGA, D.Tª 3ª 2 DA LEI 6/98/ SUC SUNC/ CONVENIO PANIFICADORA, SENTENZA 10-1-2002/ ALTURAS MÁXIMAS E NORMAS DE CALIDADE URBANA ART.

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo o seguinte:

Alegación segunda.- Parece dicir que non ten sentido aprobar inicialmente un plan especial e a continuación decretar unha suspensión de licenzas para revisar o PXOM.

Non existe contradición ningunha, máxime cando a aprobación inicial do PXOM remítese ó Plan especial en tramitación para regular este ámbito da cidade.

Alegacións terceira e cuarta.- Entende que se deben tramitar simultaneamente PXOM e PEPRI pola necesidade de formularse un ámbito distinto ó existente, segundo consideracións dos redactores e “o rol de Vigo, ...en tanto que é un dos polos da eurorrexió n Galicia-Norte de Portugal” e porque “cando se fala de Galicia é de seu entender o espazo dun área metropolitana, existente xa de *facto* e de próximo recoñecemento *de iure*”. Na alegación cuarta incide en esta tramitación simultánea en tanto que o Plan especial desenvolve determinacións do Plan xeral.

As razóns concretas apuntadas, indeterminadas, non son xustificación da necesaria tramitación conxunta dun Plan especial xunto cun plan xeral.

Semella que, a día de hoxe, a modificación non se considerou polos redactores do Plan xeral, cando se limitan a remitirse ó Plan especial, sen alteracións dos seus

parámetros urbanísticos agás a categorización do solo urbano en tanto que determinación propia do Plan xeral.

Alegacións quinta, sexta e sétima.- Afirma que a “urxente formulación” do PEPRI persegue evitar a aplicación das disposicións da LOUGA ó ámbito do PEPRI e especialmente ás área da Panificadora e Asilo.

Cuestiona a afirmación de que non sería de aplicación a LOUGA dado que se iniciou a tramitación con anterioridade á súa entrada en vigor, en base a que a DT Terceira 2 da Lei 6/1998 determina que un Plan se atopa en fase de tramitación cando teña recaído aprobación inicial.

Respecto ó manifestado, sinalar o seguinte: Cuestionase o entrecomiñado de “urxente formulación”, pois dende o avance aprobado ata este momento a tramitación do Plan especial e sobre todo información pública do mesmo ten sido moi extensa

Respecto á aplicación das previsións da LOUGA, o alegante debe referirse á DT Terceira 2 da LOUGA, e non á Lei 6/1998. En ningún caso a Disposición citada define que se entende por planeamento en tramitación, nin identifica ó planeamento en tramitación con aquel que conte con aprobación inicial. Limítase a regular o procedemento de tramitación formal dos planes aprobados inicialmente e en tramitación, prazos, intervencións da Comunidade autónoma, réxime competencial de aprobacións.

A Disposición que realmente regula o fondo en canto á aplicabilidade da LOUGA é a Transitoria primeira, cando fixa o réxime xurídico do solo de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado, tal é o caso de Vigo, dispoñendo o apartado un letras “b” e “c” que ó solo urbano que reúna as condicións do art. 12.a) LOUGA, aplicaráselle o disposto pola mesma para o solo urbano consolidado e ó resto do solo urbano o disposto pola mesma para o solo urbano non consolidado, e poderá executarse de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da LOUGA, é dicir, ata o 2 de xaneiro de 2006.

QUERE ISTO DICIR QUE A SUPOSTA FUXIDA DA APLICACIÓN DOS LÍMITES DE SOSTIBILIDADE NON SERÍA TAL, Á VISTA DA NOVA REDACCIÓN QUE PARA A DT 1ª CONTÉN A LEI 15/2004, DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, EN TANTO EN CANTO DIFIRE A APLICACIÓN DOS CITADOS ESTÁNDARES ATA XANEIRO DE 2006.

En calquera caso, no expediente xustifícase o respecto a estas determinacións da LOUGA

Alegación oitava.- Afirma que a ordenación da Panificadora é unha ordenanza particular que modifica o PXOU 1993 sen seguir os trámites necesarios, o que implica nulidade deste proceder.

Esquécese o alegante de que estamos ante un solo urbano consolidado que pode ser ordenado de novo segundo establece o artigo 62 LOUGA, modificando a

ordenación detallada do Plan xeral, respectando sempre as limitacións dos artigos 53, 55.2 e 57 da mesma, límites que en todo caso se respectan.

Alegación novena.- afirma a ilegalidade que supón o cámbio de uso do Asilo sen cámbio do Plan xeral. Reprodúcese a contestación da alegación anterior: a Lei do solo non esixe modificación do Plan xeral para un mero cámbio de uso

Alegación décima.- Alega a non definición das alturas do Asilo, no mesmo senso que as da Panificadora, e a aplicación obrigada das Ordenanzas 1.1 e 1.2 PXOU. Ratifícase a resposta dos redactores do Plan especial e engádese que as ordenanza 1.1 e 1.2 do Plan xeral de 1993 non son de aplicación, sendo Normas urbanísticas propias doutras zonas da cidade.

### **PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**INTERVENCIÓN SECTORIAL DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA:** Á respecto do conxunto edilicio da Praza da Igrexa, retómanse as cubertas da aprobación inicial: tellados independentes a tres augas.

Dentro dos criterios de Plan de Usos do Plan, recóllese a edificación toda que dá fronte á Praza da Igrexa, como área susceptible de admitir agregacións, nos supostos e condicións recollidos na Normativa urbanística modificada.

### **ALEGACIONES RECIBIDAS FÓRA DO PRAZO SINALADO NOS ANUNCIOS DOS XORNAIS OFICIAIS, AÍNDA QUE PODEN CONSIDERARSE DENTRO DO PRAZO DE NOTIFICACIONES (DA Nº 176 A 194):**

**ALEGAC. Nº:** 176 (FÓRA DE PRAZO)

**Nº DE DCTO:** 4071232

**ALEGANTE:** JUAN PABLO CASTRO (CONSTRUCCIONES COVELIÑO S.L.)

**DIRECCIÓN:** RICO HOME 7 BAIXO DEREITA/ ALCALÁ DE HENARES

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** GAMBOA 14/ GAMBOA 16/ GAMBOA 18

**OBXECTO:** MODIFICAR AS CONDICIÓN PARA O EDIFICIO SEGUNDO A CONSULTA PREVIA PRESENTADA/ NON NOTIFICACIÓN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN**, engadindo que se considera como notificado de conformidade coa alegación presentada, acreditativa de que non se produciu indefensión, artigo 63.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e xurisprudencia sobre a cuestión.

**ALEGAC. Nº:** 177 (FÓRA DE PRAZO)

**Nº DE DCTO:** 40072250

**ALEGANTE:** JOSÉ CRESPO BARRIO (VALERY KARPIN S.L.)

**DIRECCIÓN:** DOUTOR CADAVAL 2, 3º DTA/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** BARRIO DEL CURA

**OBXECTO:** PRESENTA SOLUCIÓN DE ORDENACIÓN DETALLADA DIFERENTE/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA SOBRE SUC E SUNC

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR enténdese que a aceptación desta alegación precisaría dunha previa modificación do planeamento xeral. Déixase a criterio de oportunidade e, se se considera oportuno, deberase remitir ao expediente de revisión do plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación.

**PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** 178 (FÓRA DE PRAZO)

**Nº DE DCTO:** 40072233

**ALEGANTE:** JUAN ÁLVAREZ ÁLVAREZ E OUTRA

**DIRECCION:** ROSALÍA CASTRO 34-4º/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** FERRERÍA 33

**OBXECTO:** REDEFINICIÓN DE FICHAS POSIBILITANDO ACTUACIÓN CONXUNTA/ XUSTIFICACIÓN DA EXPROPIACIÓN/ EXCLUSIÓN DA AREA DE EXPROPIACIÓN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** 179 (FÓRA DE PRAZO)

**Nº DE DCTO:** 40072234

**ALEGANTE:** JUAN ÁLVAREZ ÁLVAREZ E OUTRA

**DIRECCION:** ROSALÍA CASTRO 34-4º/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** FERRERÍA 35

**OBXECTO:** REDEFINICIÓN DE FICHAS POSIBILITANDO ACTUACIÓN CONXUNTA/ XUSTIFICACIÓN DA EXPROPIACIÓN/ EXCLUSIÓN DA AREA DE EXPROPIACIÓN/IGUAL A ANTERIOR PARA PARCELA LINDEIRA

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGAC. Nº:** 180 (FÓRA DE PRAZO)

**Nº DE DCTO:** 40073834

**ALEGANTE:** LUCÍA DIZ BESADA E OUTRO

**DIRECCIÓN:** AVENIDA DE LA CONCORDIA 4-2º A/ TUI

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** RÚA ALTA 23

**OBXECTO:** OPOSICIÓN A EQUIPAMENTO PÚBLICO E Á EXPROPIACIÓN/ CORRECCIÓNS EN FICHA/ POSIBILIDADE DE CATRO ALTURAS/ ACTUACIÓNS DE CONVENIOS SOLO URBANO NON CONSOLIDADO PERDA DE 10% MUNICIPAL. SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN PARCIAL,** engadindo que, sen prexuízo de que se estude pola Asesoría Xurídica do Concello o exercicio de accións xudiciais en relación coas as manifestacións inxuriosas verquidas na alegación segunda.

A alegante non introduce sequera unha única xustificación para que as zonas de convenio sexan solo urbano non consolidado.

Lembrar que a DT 1ª c LOUGA permite que ós municipios con Plan non adaptado á Lei 1/1997, poda executarse o solo urbano non consolidado de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002.

Por último e en relación coa “dispensa” do 10% de aproveitamento que supón considerar estas zonas como solo urbano consolidado, que cualifica coma un “atentado contra o deber de obxectividade”, sinalar que ademais de estar en ámbitos de solo consolidado, tal e como se xustifica polo equipo redactor, a reforma da LOUGA operada no ano 2004 posibilita a patrimonialización do 100% do aproveitamento tipo en polígonos con cargas especialmente onerosas relativas á rehabilitación integral ou restauración de edificios catalogados.

**ALEGAC. Nº: 181 (FÓRA DE PRAZO)**

**Nº DE DCTO:** 40074798

**ALEGANTE:** MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES (SUBDIRECCIÓN GENERAL DE OBRAS Y PATRIMONIO)

**DIRECCIÓN:** MARÍA DE GUZMAN 52/ 28071 MADRID

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** CANOVAS DEL CASTILLO 18

**OBXECTO:** PASARELA SOBRE EDIFICIO INSTITUTO NACIONAL DE EMIGRACIÓN

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que a realización de obras de conservación é un deber dos propietarios dos edificios. Así mesmo facer constar que a pasarela que se proxecta sobre a rúa Cánovas del Castillo para comunicar o centro comercial da Laxe co Casco Vello, non está no ámbito nin é unha determinación do PEPRI do Casco Vello obxecto deste expediente. Foi o Plan Especial do Porto de Vigo, aprobado definitivamente, quen incorporou a actuación “Abrir Vigo ó Mar” , segundo o convenio asinado entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Concello de Vigo, estando esa pasarela nese ámbito.

Por outra banda o uso público da cuberta do edificio de Sanidade Exterior, como praza pública é recoñecido desde a construción dese edificio, constando a realización de obras de pavimentación e saneamento de dita praza a cargo do Concello, a través do Programa Urbano, e a apertura de saídas de emerxencia cara á dita praza, pola súa condición de espacio aberto, das oficinas do Instituto Nacional de Emprego.

Recoméndase, de todos os xeitos, a comunicación e informe ao Ministerio destes extremos, de cara á desexable coordinación e colaboración administrativa.

**PROPOSTA: DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº: 182 (FÓRA DE PRAZO)**

**Nº DE DCTO:** 40074715

**ALEGANTE:** LUÍS BÁRCENA DE CASTRO

**DIRECCIÓN:** REAL 14 -2º/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** TRAVESÍA DEL FRANCO 3

**OBXECTO:** BUFARDA EXISTENTE

**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR/comprobar xustificación.

**PROPOSTA: ESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº: 183 (FÓRA DE PRAZO)**

**Nº DE DCTO:** 40075183

**ALEGANTE:** INES ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ

**DIRECCIÓN:** NOGUEIRA 15 DONAS/ GONDOMAR  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PESCADORES 6  
**OBXECTO:** ELIMINACIÓN DA ÁREA DE EXPROPIACIÓN AE 14/ OU QUE SE FIXE UN VALOR DE EXPROPIACIÓN XUSTO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **184 (FÓRA DE PRAZO)**  
**Nº DE DCTO:** 40076431  
**ALEGANTE:** MANUEL RODRÍGUEZ SOBRINO  
**DIRECCIÓN:** FERRER 8/ CASTRELO DE MIÑO (OURENSE)  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SANTIAGO 57  
**OBXECTO:** DATOS DE PROPIEDAD  
**INFORME:** NON É UNHA ALEGACIÓN  
**PROPOSTA:** **TOMAR NOTA**

**ALEGACION Nº:** **185 (FÓRA DE PRAZO)**  
**Nº DE DCTO:** 40084781  
**ALEGANTE:** HORSOCON SL  
**DIRECCIÓN:** CENTEÁNS 39 PONTELLAS/ O PORRIÑO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** FERRERÍA 51  
**OBXECTO:** MANTEMENTO DA CUBERTA SEGUNDO LICENZA DE 1997/ NON DEIXAR FÓRA DE ORDENACIÓN  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **186 (FÓRA DE PRAZO)**  
**Nº DE DCTO:** 40099608  
**ALEGANTE:** **MARÍA RITA e PILAR GOLDAR SÁNCHEZ**  
**DIRECCIÓN:** LUIS TABOADA 27 4º B/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** POBOADORES 47  
**OBXECTO:** CORRIXIR FICHA ESTADO CONSERVACIÓN MOI MALO/ PERMITIR APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR, engadindo que o expediente 11444.423 non ten que ver co da declaración de ruína, tratándose neste caso dunha orde de execución de obras  
**PROPOSTA:** **DESESTIMACIÓN**

**ALEGAC. Nº:** **187 (FÓRA DE PRAZO)**  
**Nº DE DCTO:** 40068113  
**ALEGANTE:** Mª BENITA VÁZQUEZ ABALO  
**DIRECCIÓN:** FRANCISCA LAGO 47/ NIGRÁN  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** FERRERÍA 25  
**OBXECTO:** PATIO PRIVADO/ CORRECCIÓN DATOS FICHA/ DESEÑO MAIS LIBRE  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR engadindo que debe terse en conta que os alzados que figuran nos planos do PEPRI, son indicativos segundo a normativa.  
**PROPOSTA:** **ESTIMACIÓN PARCIAL**

**ALEGACION Nº:** **188 (FÓRA DE PRAZO)**



**Nº DE DCTO:** 40108920  
**ALEGANTE:** MERCEDES LUZ DAVILA FERNÁNDEZ  
**DIRECCIÓN:** AVENIDA HISPANIDADE 84 2-2ºF/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA CONSTITUCIÓN 10  
**OBXECTO:** AFECCIÓN DE LUCES POR PATIO POSTERIOR  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 189 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 40108918  
**ALEGANTE:** MARÍA HELENA RODRÍGUEZ-LEPINA PORTELA  
**DIRECCIÓN:** PRAZA DA IGREXA 4/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA CONSTITUCIÓN 10  
**OBXECTO:** AFECCIÓN DE LUCES POR PATIO POSTERIOR  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 190 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 40108916  
**ALEGANTE:** MARÍA CARLOTA NOGUEIRA ABREU  
**DIRECCIÓN:** ROSALÍA DE CASTRO 59-10º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA CONSTITUCIÓN 10  
**OBXECTO:** AFECCIÓN DE LUCES POR PATIO POSTERIOR  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 191 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 40108914  
**ALEGANTE:** ROMÁN PEREIRO ALONSO  
**DIRECCIÓN:** PRAZA DA IGREXA 4/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** PRAZA DA CONSTITUCIÓN 10  
**OBXECTO:** AFECCIÓN DE LUCES POR PATIO POSTERIOR  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 192 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 40101393  
**ALEGANTE:** VÍCTOR MANUEL RODEIRO FERNÁNDEZ  
**DIRECCIÓN:** GARCÍA BARBÓN 9-6ºC/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** JOAQUÍN YAÑEZ 9 Y 11  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA SUPERFICIES/ELIMINACIÓN PROHIBICIÓN DE DERRUBO XA QUE ESTÁ DERRUBADO/ADAPTACIÓN DE CUBERTAS POR UNIDADE FORMAL DOS DOUS EDIFICIOS  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN PARCIAL

**ALEGAC. Nº:** 193 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 50002366  
**ALEGANTE:** ANTONIO GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ  
**DIRECCIÓN:** PRÍNCIPE 43 2º B/ VIGO

**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** SANTIAGO 51  
**OBXECTO:** OPOSICIÓN Á EXPROPIACIÓN/ OBRAS PERMITIDAS ANTES DE EXPROPIACIÓN/ NON ESTADO DE RUÍNA COMO SE DI NA FICHA  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** DESESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 194 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 50006789  
**ALEGANTE:** ANTONIO GONZÁLEZ LOSADA  
**DIRECCIÓN:** SAN SALVADOR 4-6º/ VIGO  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** FERRERÍA 37  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN DE ERRO E NON INCLUSIÓN NA AE 7  
**INFORME** SEGUNDO INFORME DO EQUIPO REDACTOR, e debe terse en conta a existencia da licenza concedida 47313/421  
**PROPOSTA:** ESTIMACIÓN

**ALEGAC. Nº:** 195 (FÓRA DE PRAZO)  
**Nº DE DCTO:** 40126757  
**ALEGANTE:** JESÚS BUJÁN IGLESIAS  
**DIRECCIÓN:** RONDA 21-4º/ BILBAO (VIZCAYA)  
**LOCALIZACIÓN DA ALEGACIÓN:** ELDUAYEN 14  
**OBXECTO:** CORRECCIÓN DATOS FICHA PARA CONTEMPLAR APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA E SE PERMITA MODIFICACIÓN ALTURA DO CUMIO  
**INFORME:** SEGUNDO O INFORME DO EQUIPO REDACTOR  
**PROPOSTA:** DESESTIMACIÓN

### 3. DESCRICIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

A documentación presentada para aprobación definitiva, unha vez corrixida pola contestación de alegacións e modificacións esixidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, ven asinada polo director técnico da empresa consultora don Juan Carlos Portela Regodeseves, arquitecto, e ten data de decembro de 2006 e marzo de 2007.

Ten basicamente os mesmos documentos que figuraron na aprobación inicial, co seguinte índice:

Caixa                    Volume 1:

- Memoria xustificativa                    (1 tomo)
- Normativa                                    (1 tomo)
- Estudo económico-financeiro            (1 tomo)

Caixa                    Volume 2:

- Convenios
- Catálogo de espazos públicos
- Catálogo de edificación                    (Tomos I e II)
- Resposta de alegacións

Caixa 3:

- Planos de información

Caixa 4:

- Planos de ordenación

10 tomos archivadores :

- Fichas de estado actual e normativas de todas as parcelas do PEPRI, organizadas por cuarteiróns (couzadas).  
Esta documentación corrixida substitúe á dilixenciada coa aprobación inicial, permanecendo no expediente a substituída coa correspondente dilixencia.
- A Memoria xustificativa expón a diagnose, obxectivos e criterios xerais seguidos no Plan para a revisión do PEPRI aprobado o 04.02.1991 e incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993, coa finalidade da recuperación urbana da cidade histórica, a conservación e rehabilitación do seu patrimonio e preservación dos seus contidos funcionais e sociais.
- Como anexos incorpóranse estudos sobre o patrimonio arqueolóxico, datos actuais e de ordenación básicos das edificacións e das parcelas, cadros comparativos da ordenación e a catalogación entre o PERI vixente e a proposta, estudo de tráfico, estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, estudo de tráfico, análise da participación pública na elaboración do plan, e *relación de cambios introducidos no documento do PEPRI para a súa aprobación definitiva*.
- Agás no referente a estas correccións que se xustifican na Memoria e se levan a cabo nas fichas e planos concretos aos que lles afectan, o resto da documentación e determinacións artéllanse de igual xeito que na documentación aprobada inicialmente, tal como se relacionou no informe previo á aprobación inicial de data 19.01.2004 que consta no expediente, e ao que nos remitimos en todo o que non foi obxecto de corrección xustificada.

## **II.- VALORACIÓN XURÍDICA/A ADECUACIÓN Á LEGALIDADE VIXENTE.**

### **Primeiro.- Natureza do PEPRI**

I.- O documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia (PXOU 1993), vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (DOG 10/05/93), ordena o Casco Vello de Vigo clasificándoo coma solo urbano, coma un área remitida a operación de reforma interior e protección, *PEPRI I-11 Casco Vello*, planos *15-24, 16-23, 16-24, con aprobación definitiva do 4 de febreiro de 1991*; o que ven a significar que o propio Plan xeral *asume a ordenación xa desenvolvida* a través deste Plan especial que xa tivera aprobación definitiva no ano 1991.

Esta premisa, importante en canto ó procedemento a seguir para as subseguintes modificacións do Plan especial, tal é a que se tramitou neste momento, clarifícase polo Tribunal supremo na Sentenza do seis de xullo de 2004 mais adiante tratada.

O documento de subsanación de deficiencias prevía para certas zonas do interior non incluídas no Plan Especial definitivamente aprobado (Barrio do Cura e Berbés), que a ordenación detallaríase segundo estudo de detalle coas características que figuraban no Plan Especial, aprobado inicialmente o 5 de setembro de 1989, delimitándose unha unidade de execución”

II.- En cumprimento desta determinación do PXOU 1993, procedeuse á incorporación ó ámbito do territorio coñecido como Barrio do Cura, mediante unha Modificación Puntual do PEPRI de 1991, que se aprobou definitivamente o 21/03/97 (expte. 3299/411), e anulada pola Sala do Contencioso-administrativo, Sección Quinta, do Tribunal Supremo con carácter firme a medio de Sentenza do seis de xullo de 2004, no recurso de casación núm. 2211/2002. Será esta Sentenza a que de forma máis clara (Fundamento de dereito quinto) afirme que a ordenación do Casco vello está prevista, establecida e detallada no PXOU 1993.

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2004 aprobou inicialmente o PEPRI Casco Vello, o cal mantén e actualiza os obxectivos de protección e rehabilitación do PERI vixente, e fundaméntase en razóns de interese público tal e como prescribe o artigo 94 LOUGA, cales son a recuperación da cidade histórica, a súa posta en valor e a conservación e rehabilitación do seu patrimonio. Concorren razóns de interese público debidamente xustificadas que recomendan a mellora substancial da ordenación urbanística do Casco Vello de Vigo, a mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos e a creación de novas dotacións urbanísticas públicas.

### **Segundo- Alcance da modificación que se tramita**

A modificación do planeamento urbanístico é unha potestade inserida na xenérica competencia municipal de planeamento, recoñecida e recollida de forma concreta no artigo 94 da LOUGA.

Estamos ante unha modificación dun planeamento especial de reforma interior aprobado con anterioridade á entrada en vigor da LOUGA e que expresamente se incorpora na correspondente ficha do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia de 22 de agosto de 1985, norma de carácter xeral, vixente e eficaz en Vigo, sen adaptar á Lei 9/2002, de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin por suposto á actualización desta operada a medio de Lei 15/2004, nin tan sequera á derogada Lei 1/1997 do solo de Galicia, nin á Norma estatal Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións urbanísticas.

Xa que logo, para coñecer o alcance da modificación do Plan especial do Casco vello, debemos acudir ó disposto no réxime transitorio da LOUGA, en concreto á Disposición transitoria primeira, punto un, que declara a vixencia dos planes de ordenación aprobados con anterioridade á entrada en vigor da mesma ata a súa revisión ou adaptación a esta, adaptación que non procede ata que se dea algunha das circunstancias previstas na Disposición transitoria segunda. Polo tanto estamos ante unha mera modificación do plan especial de reforma interior de 1991, que

como tal recolle o PXOU 1993, respecto á que non procede adaptarse ó disposto na LOUGA ó non concorrer as premisas legais para tal proceder.

Artéllase así unha modificación da ordenación detallada que establece o Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia (PXOU 1993), para o ámbito do Casco Vello, de conformidade co previsto no artigo 93.3 LOUGA, en canto se alteran certas determinacións do PEPRI de 1991, e xa que logo do PXOU 1993, respectando as limitacións fixadas no artigo 62.1 da citada Lei.

A modificación que se opera no ámbito pódese considerar unha modificación puntual de planeamento, de conformidade co previsto no artigo 93.2 e 3 LOUGA, en canto se alteran certas determinacións do Plan especial respectando os criterios da estrutura xeral e orgánica do territorio, o modelo territorial e a clasificación do solo.

A modificación non incrementa a intensidade de uso na zona, polo que non require da previsión de maiores dotacións públicas segundo o artigo 94.3 da LOUGA. Non obstante as superficies de terreos cualificados como zonas verdes, espazos libres e dotacións incrementáanse en relación co PEPRI anterior, segundo consta na Memoria Xustificativa.

A modificación puidera afectar a terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres públicos do Plan anteriormente vixente, en canto á posición dalgunha delas (Venezuela, Ronda, Emilio Blein Budiño e zona do Barrio do Cura), pero non cuantitativamente, en canto que se incrementan en 192,56 m<sup>2</sup> tras as correccións efectuadas no documento a consecuencia da súa exposición pública.

Segundo medicións do equipo redactor as características cuantitativas da modificación resúmense no seguinte cadro:

	<b>PLAN ESPECIAL PROPOSTO</b>
Superficie do ámbito	217.945,86 m <sup>2</sup>
Superficie de parcelas de uso residencial	84.844,21 m <sup>2</sup>
Superficie de parcelas de uso dotacional	25.137,31 m <sup>2</sup>
Superficie de espazos libres e zonas verdes	41.355,84 m <sup>2</sup>
Superficie de viario	66.608,50 m <sup>2</sup>
Superficie construída de uso principal residencial	377.797,81 m <sup>2</sup> c
Superficie construída de uso dotacional	67.635,88 m <sup>2</sup> c

### **Terceiro.- Fins do PEPRI**

#### **I.- Plan especial que modifica previsións do Plan xeral**

De conformidade co disposto no aptdo. 2 do art 62 LOUGA, os planes especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo Plan Xeral de ordenación de acordo coas seguintes condicións: que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, a mellora da articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a previsión de novas dotacións públicas, e outros

fins análogos; que non afecten nin alteren de ningún xeito as determinacións de carácter xeral propias do plan xeral (obxectivos xerais e criterios de ordenación, estrutura xeral e orgánica do territorio, o modelo territorial e a clasificación do solo), que non impliquen un incremento da superficie edificable total, nin a alteración dos usos globais, que non supoñan unha diminución, fraccionamento ou deterioración da capacidade de servizo e funcionalidade dos espazos previstos para dotacións locais.

## **II.- Plan especial de protección *versus* plan especial de reforma interior**

O plan que se tramita conxuga as determinacións do plans especiais de protección e de reforma interior (definidas no Plan Xeral vixente), referíndose tanto a solos urbanos consolidados coma non consolidados, segundo réxime xurídico que para estes solos define a Disposición transitoria primeira da LOUGA aptdo 1, letras “b” e “c”.

En canto o plan especial de protección, o seu obxecto é preservar o patrimonio cultural, considerando que todo o ámbito ten sido declarado Ben de interese cultural, coa categoría de Conxunto Histórico a través de Decreto 136/2006, do 27 de xullo. Xa que logo o plan que se tramita contén as determinacións propias da lexislación sobre patrimonio cultural, tal e como prescribe o apartado 3 do art. 69 LOUGA, en concreto as determinacións recollidas nos artigos 45 e 46 da Lei de patrimonio histórico de Galicia do 30 de outubro de 1995.

En canto plan especial de reforma interior previsto e detallado no Plan xeral, (Barrio do Cura), ten por obxecto rematar as partes inacabadas do tecido dos anos 60, así como obter novos equipamentos e espazos libres no interior do seu ámbito, prevéndose a mesma tipoloxía de edificacións. Tales previsións xustifícanse en que esta zona non consolidada non estaba incluída na ordenación detallada do PEPRI do Casco Vello aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 2001 e por determinación do PXOU de 1993, deben respectarse as características (usos globais, tipoloxías edificatorias, altura máxima e superficie total edificábel) que figuraban no Plan Especial de reforma interior do Casco Vello aprobado inicialmente o 5 de setembro de 1989. Esta é xa que logo a ordenación que mantén o Plan que se propón aprobar definitivamente.

Ambas “subclases” de planes especiais e con parecidos obxectos, reforma interior en solo urbano e ordenación de conxuntos e recintos arquitectónicos, históricos e artísticos, aparecen referidas nos arts. 76.2, 78 e 83.1 e 2 do Regulamento de planeamento urbanístico.

## **Cuarto.- Sobre a clasificación e categorización do solo no PEPRI**

I.- Todo o solo do ámbito está **clasificado** segundo PXOU 1993 coma solo urbano, determinación propia do Plan xeral que se respecta segundo prescribe o art. 53.1.b LOUGA. Esta clasificación mantense no Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, que se remite e incorpora ó PEPRI do Casco Vello en tramitación en canto sexa aprobado e inclúe xa a categorización expresa do solo urbano.

II.- Tal e como se xustificou no acordo de aprobación inicial do PEPRI, este non **categoriza** o solo en canto lle está vedado pola lexislación urbanística, sen que tampouco se poida afirmar que é obrigado tramitar unha modificación puntual do Plan xeral que incorpore tal categorización, pois a adaptación do plan de ordenación non procede ata que se dean algunha das circunstancias previstas na Disposición transitoria segunda da LOUGA.

Isto non obsta a que aplicando as Disposicións transitorias, en concreto a primeira, apdo. 1 letras “b” e “c”, débese aplicar “*ex lege*” para o solo urbano que reúna as condicións do artigo 12 letra “a” da LOUGA o disposto na LOUGA para o solo urbano consolidado, e ó resto do solo urbano, que reúna as condicións da letra “b” do mesmo artigo, o disposto para o solo urbano non consolidado.

### III. **Categorización do solo nas zonas de convenio, “Asilo” e “Panificadora”**

Xustifícase dabondo na aprobación inicial e na resposta ás alegacións presentadas a categorización *ex lege* destas parcelas coma solo urbano consolidado

#### **Quinto.- Capacidade do PEPRI**

I.- Capacidade dos planes especiais para modificar a ordenación detallada.

O artigo 62.1 LOUGA veu recoñecer expresamente a capacidade innovadora do Plan especial, pois habilita ós plans especiais a modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral (non debemos esquecer que o PXOM 1993 fixo seu o PEPRI 1991), respectando unhas limitacións: que a alteración teña por obxecto fins públicos, se respecten as determinacións de carácter xeral que debe conter un plan xeral de ordenación urbana, como son os obxectivos xerais e criterios de ordenación, clasificación do solo, carácter público ou privado das dotacións e a delimitación do ámbito.

Estas determinacións non se alteran coa modificación do PEPRI que se propón aprobar, especialmente en canto á zona non consolidada, zona do Barrio do Cura, que por non estar incluída na ordenación detallada do PEPRI do Casco Vello aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 2001, debe por determinación do PXOU de 1993 respectar as características (usos globais, tipoloxías edificatorias, altura máxima e superficie total edificábel) que figuraban no Plan Especial de reforma interior do Casco Vello aprobado inicialmente o 5 de setembro de 1989. Esta é, xa que logo, a ordenación que mantén o Plan que se propón aprobar definitivamente.

De esta forma respéctanse todas as determinacións que son propias dun Plan xeral e obsérvase escrupulosamente a Sentenza do seis de xullo de 2004 ditada pola Sala do Contencioso-administrativo, Sección Quinta do Tribunal Supremo, que declarou non haber lugar ó recurso de casación interposto polo Concello de Vigo contra a Sentenza pronunciada o 10 de xaneiro de 2002 pola Sección segunda da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal superior de Xustiza de Galicia, pola que se anulou a modificación puntual do PERI Casco Vello e do seu catálogo anexo no barrio do Cura. É esta Sentenza a que no seu fundamento de dereito quinto afirma de forma clara que a ordenación do Casco vello está prevista, establecida e detallada no PXOU 1993, e determina a obrigatoriedade de tramitar unha

modificación deste cando se alteren as súas determinacións. *Sen embargo, e tal e como se argumentou no primeiro parágrafo deste epígrafe, unha vez entrada en vigor a lei do solo galega, LOUGA, é esta norma legal a que habilita e reconece a capacidade innovadora dos planes especiais, sempre e cando se respecten as limitacións que a mesma Norma considera determinacións propias dun plan xeral.*

II.- Limitacións do PEPRI por razóns de xerarquía normativa.

O PEPRI que se tramita non pretende substituír ó Plan xeral na súa función de instrumento de ordenación integral do territorio, límite imposto no art. 68.4 LOUGA sen que clasifique solo e sen prexuízo das limitacións de uso que introduce.

Asemade, na súa vertente de plan especial de protección pode afectar a calquera clase de solo, segundo previsión do art. 69.2 LOUGA

### **Sexto.- Áreas de xestión**

A normativa do PEPRI reformula as áreas de xestión do plan especial diferenciándose:

- A área de reforma interior do Barrio do Cura: trátase de solo urbano non consolidado, tal e como se recolle no Plan xeral de ordenación urbana de 1993.

Modifícanse as alturas das edificacións proxectadas inicialmente nos Polígonos nº 1 e 2, de xeito tal que a altura das mesmas non supere en número de plantas e en metros o B+4 e os 18,50 m, respectivamente. Non obstante mantense o aproveitamento lucrativo previsto inicialmente (1,32 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) e o aproveitamento para as dotacións públicas, con previsión de espazos con aproveitamento lucrativo en parte do subsolo.

Os motivos destes cambios son consecuencia directa da tan citada sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 10.01.02 (Sentenza nº 33/2002).

As características da ordenación do Barrio do Cura que figuran no plan especial vixente aprobado inicialmente o 05.09.89 correspóndense coas propias dunha actuación integral, que ten por obxecto ordenar unha bolsa de terreo baleiro rodeada de partes consolidadas da cidade, permitindo a construción de edificacións de uso característico residencial, en tipoloxía de bloques abertos e de edificacións encostadas ás medianeiras existentes, con obtención de terreos para espazos libres destinados a viarios e zonas verdes.

No documento do PEPRI para a súa aprobación definitiva tense en conta as características desta ordenación na área de reforma interior delimitada, xa que a súa ordenación ten como obxectivo principal rematar as partes inacabadas do tecido dos anos 60, así como obter novos equipamentos e espazos libres no interior do seu ámbito, prevéndose a mesma tipoloxía de edificacións (bloques abertos e edificacións encostadas a medianeiras existentes).



Asemade, para o ámbito no que se prevé a actuación integral, o PEPRI ten en conta os parámetros da Normativa do PEPRI Casco Vello do ano 1991, especialmente a altura máxima de edificación establecida no artigo 6.4.2.4. de dito PERI e que se corresponde con cinco (5) plantas e 18,50 metros de altura da liña de cornixa.

- Áreas de rehabilitación prioritaria, definidas ó abeiro do art. 191 LOUGA, nas que urxe acometer, debido a seu estado de deterioro ou degradación, procesos de rehabilitación ou de edificación para a rehabilitación da zona. Establécense uns prazos para que os propietarios soliciten a preceptiva licenza urbanística de obras e para o cumprimento do deber de rehabilitar ou edificar. No caso de incumprimento dos prazos a administración poderá expropiar os inmobles a fin de asumir a rehabilitación ou edificación e seguindo o procedemento fixado nos números 3, 4, 5 e 6 do art 191 LOUGA.

En consideración ás definicións do artigo 12 LOUGA se lles aplica o réxime do solo urbano consolidado.

- Áreas dotacionais, son actuacións illadas tendentes a facer posible en solo urbano a execución de elementos concretos previstos no PEPRI e que coma as anteriores, en consideración ás definicións do artigo 12 LOUGA, se lles aplica o réxime do solo urbano consolidado. O destino das actuacións previstas nestas áreas é o de dotacións locais posibilitando os artigos 124, e 167.1 LOUGA que se obteñan por expropiación, por convenio ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.
- As áreas de convenio son o resultado dos dous asinados co carácter de convenios urbanísticos de planeamento do artigo 235 LOUGA e que se inclúen coa contestación do equipo redactor como anexo e coa ordenación urbanística derivada dos mesmos.

O réxime do solo será o de consolidado, tal e como se ten xustificado na aprobación inicial do Plan.

### **Sétimo.- Relación coa normativa sectorial de patrimonio histórico**

Na análise que sobre a calidade técnica da ordenación proposta se efectúa no apartado seguinte, explícase o carácter do plan tramitado coma plan especial de protección, cuxo obxecto é preservar o patrimonio cultural e en tanto todo o ámbito ten sido declarado Ben de interese cultural, coa categoría de Conxunto histórico a través de Decreto 136/2006, do 27 de xullo.

Xa que logo, o plan que se tramita, ademais de prever as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos bens que inclúe no seu catálogo, tal e como prescribe o art. 75 LOUGA no seu apartado 3, contén as determinacións propias da lexislación sobre patrimonio cultural, en respecto ás determinacións do apartado 3 do art. 69 LOUGA. Serán en concreto as determinacións propias para estes ámbitos recollidas nos artigos 45 e 46 da Lei de patrimonio histórico de Galicia do 30 de outubro de 1995.

A estes planes para a ordenación de conxuntos e recintos arquitectónicos, históricos e artísticos, refírense así mesmo os arts 76.2, 78 e 83 do Regulamento de planeamento urbanístico.

Respecto a estes planes de protección, os artigos 45.1 da Lei de patrimonio histórico e o apdo. 4 do art. 78 RPU, prevén recabar informe da Dirección xeral de patrimonio cultural, informe inicial emitido o 7 de febreiro de 2003 e considerado no acordo de aprobación inicial. Corrixida toda a documentación e coas referencias que o citado acordo da Xunta de Goberno Local contén sobre aquel informe, remitiuse de novo á Consellería de Cultura ós efectos de obter o informe definitivo.

O Sr. director xeral de Patrimonio cultural, o 16 de marzo de 2006, require para que se rectifiquen certos aspectos do PEPRI segundo indicacións verquidas no informe que emite, para a continuación remítilo de novo á Dirección xeral para a súa consideración definitiva. As indicacións referíanse a:

- O patrimonio arquitectónico:
  - Pide que se cre unha Comisión de seguimento para estudo daquelas intervencións que supoñan casos excepcionais, ambigüidades, dúbidas.
  - Correccións da normativa en canto a alturas nalgúns edificios de nova planta e altura máxima de planta baixa, gardando certa proporción na escala; o uso de garaxe; modificación do artigo sobre fragmentación de fachadas, de tal forma que a agregación de parcelas sea só puntual
  - Correccións concretas sobre certas parcelas referidas no informe en canto a alturas e volumes.
  - Recuperación da ordenación reflectida na aprobación inicial na ARP 3.
- O patrimonio arqueolóxico:
  - Establecemento dunha zonificación arqueolóxica
  - Tipificación da intervención arqueolóxica
  - Procedemento para a tramitación das solicitudes de licenza, autorización e resolución das intervencións
  - Establecemento das medidas técnicas e financeiras para afrontar a posibilidade de que aparezan restos arqueolóxicos que deban ser conservados *in situ*.
  - Dotación de persoal para que unha xestión áxil do patrimonio arqueolóxico.

Consta no tomo da Memoria xustificativa a resposta do equipo redactor ós requirimentos de Patrimonio histórico, así como no informe da arquitecta municipal da Oficina de Barrios históricos de data 27 de marzo de 2007. En canto ó patrimonio arquitectónico:

- Comisión de seguimento do PEPRI, prevese a súa natureza, cometido, composición e funcionamento no art. 1.9 das Normas urbanísticas do Plan especial.

- As referencias concretas ós volumes, usos permitidos respecto ó garaxe-aparcadoiro, fragmentación de fachadas e materiais provocaron as correccións oportunas no articulado da normativa urbanística, fichas e planos, incorporándose asemade o art. 3.2 sobre condicións de parcelacións urbanísticas que regula as posibilidades de agregación e segregación de parcelas
- Engádense as correccións concretas sobre cada unha das parcelas referidas no informe sectorial en canto a alturas e volume, a meirande parte afectan ás alegacións presentadas e teñen sido reflectidas no apartado 2 dos antecedentes desta proposta, así como nas fichas correspondentes destes inmobles. Extráctanse de seguido as referencias que para estas parcelas efectúa a arquitecta municipal no informe enriba citado:

**24620-01- r/Poboadores Nº 44**

A ordenación indicada remite á de aprobación inicial, modificándose a introducida despois do período de exposición pública en que se ampliaba unha planta, manténdose a cesión para unha mellor conformación do espazo público.

**25644-26- r/Real 39-r/Anguía 10**

Redebúxanse os alzados da edificación, nos que se recolle a súa disposición, volumetría e trazas fundamentais, sen incluír a supresión do volume engadido de cuberta.

**25650-02 r/Real 36 r/Teófilo Llorente 57**

Recóllese a cuberta proxectada de acordo co informe do Equipo redactor do PEPRI, en función da documentación gráfica aportada respecto ás condicións iniciais da cuberta.

**25655-03 r/Teófilo Llorente Nº41**

Suprímese o corpo abufardado situado sobre a cuberta da construción principal, cara a fachada da r/Teofilo Llorente, manténdose a da r/Real.

**26635-01- Subida ó Castelo nº1**

Recupéranse para esta edificación alas condicións de ordenación de aprobación inicial.

**26635-01-11 (Area de Rehabilitación Prioritaria Nº3) r/S. Sebastián**

Na fronte da r/S. Sebastián, recupérase a ordenación de aprobación inicial. Na fronte da r/Hortas se clarifica a ordenación procedendo a un axuste peza a peza.

**26643-07, 10 e 11 r/Eduardo Chao 9-11**

Na R/Eduardo Chao Nº 9, de acordo co informe da Dirección Xeral de Cultura, increméntase unha planta na fronte da r/San Vicente, ata o fondo do patio traseiro polo calello da r/Caracol, para regularizar alturas. Na R/Chao Nº 11 se fixa un recuado da edificación nesa fronte, con terraza como na r/Chao Nº 13.

**26643-18- R/Eduardo Chao Nº 19 R/Alta Nº 18**

Retómase a solución suscitada en aprobación inicial, coa diferenza de que se aumenta unha planta pola R/Alta para minimizar a medianeira do Nº 17, cunha

reserva de 188 m<sup>2</sup> de uso dotacional, modificándose respecto da aprobación inicial en que se incluía unha expropiación de 323,02 m<sup>2</sup>, incluíndose na Ficha en observacións: Indicacións sobre a ordenación, a modificación de materiais e tratamento de patios.

#### **26643-19-R/Eduardo Chao Nº17**

Esta parcela inclúese na área dotacional Ad-8 para a obtención dun equipamento público de carácter asistencial e sociocultural. Cunha reserva do total da parcela de 71,97 m<sup>2</sup> e unha superficie a construír de 89,80m<sup>2</sup>, a ordenación proposta que modifica a incluída na aprobación inicial é indicativa.

#### **26643-22- R/Eduardo Chao Nº21**

Mantéñense as condicións de aprobación inicial incluíndose no apartado de observacións “Permítese manter a sillería de pedra na nova edificación, se se considerase acadio”.

#### **26644-01 R/Sombreireiros Nº6**

Incorpórase unha nova proposta que retoma basicamente as condicións de aprobación inicial. Incluíndo a solución de que no corpo da edificación medianeiro coa r/Sombreireiros Nº 8 se aumenta unha planta para unha mellor transición.

#### **26652-07- R/Real Nº 23-R/Travesía da Esperanza**

Mantense a ordenación de aprobación inicial, eliminando a bufarda da cuberta. Considerando que o edificio está situado no BIC da R/Real.

#### **26653-04- Praza da Pedra Nº 10- Igrexa Nº 11**

Incorpórase unha cuberta tradicional a tres augas, considerando que a incorporada despois do tramite de exposición pública non resulta adecuada coa contorna.

#### **26653-06-09- Praza dá Igrexa Nº 6-7-8-9**

Respecto ao conxunto de edificacións da Praza de Igrexa, retómase a disposición de cubertas da aprobación inicial. Recóllense as edificacións que dan fronte á Praza dá Igrexa como área susceptible de admitir agregacións, nos supostos e condicións recollidos na Normativa Urbanística.

#### **26657-12,13,14- r/Méndez Núñez 2,4,6**

Procédese a unha nova ordenación respecto da de aprobación inicial na observación da estrutura parcelaria e da fragmentación das edificacións, para unha mellor adecuación á disposición da rúa, ordénanse peza a peza tomando as alturas no punto medio de cada unha. Recóllese o conxunto de pezas, como área susceptible de admitir agregacións, nos supostos e condicións recollidas na Normativa Urbanística modificada”.

#### **En canto ó patrimonio arqueolóxico introdúcense unha serie de cambios no Título V das Normas urbanísticas:**

- Acéptase a introdución dunha zona arqueolóxica única para todo o ámbito e así se afirma no art. 5.6.2 das Normas urbanísticas.

- No mesmo senso, en relación coas esixencias para tipificar as distintas clases de intervencións arqueolóxicas, rebáixase a porcentaxe de remoción de terras ó 30% como fronteira entre a necesidade dun proxecto de intervención arqueolóxica ou dun mero control arqueolóxico, segundo procedemento que se describe no art. 5.6.3 das mesmas Normas.
- Con relación á tramitación das solicitudes de licenza, autorización e resolución das intervencións arqueolóxicas, redactouse o art. 5.6.4 segundo indicacións propias da Xerencia municipal de urbanismo e partindo das seguintes consideracións:

Primeira.- A LOUGA, no seu art. 196.5 que regula a prelación entre as licenzas urbanísticas e outros títulos administrativos, determina claramente que non se poderá solicitar licenza municipal urbanística en tanto non sexa concedida a autorización preceptiva en materia de protección do patrimonio histórico.

Segunda.- A competencia en materia de protección do patrimonio histórico osténtaa a Comunidade autónoma de Galicia, e así o explican os arts. 148.1.16 CE, LO 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, RD 2434/1982 do 24 de xullo, de traspaso de funcións en materia de cultura, polo que a Comunidade autónoma Galega asume a xestión das funcións sobre patrimonio histórico, artístico e arquitectónico e 2.1 da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia, en canto atribúen a competencia *exclusiva* en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia á Comunidade autónoma.

Terceira.- No exercicio desta competencia, A Xunta de Galicia, a medio de Decreto 199/1997, do 10 de xullo, regulou a actividade arqueolóxica de toda a Comunidade galega. Será este Decreto o que regule para todo o eido galego o exercicio da actividade arqueolóxica. Así e pormenorizadamente as clases de intervencións, a determinación das competencias para autorizar as intervencións e expresamente no Capítulo II do Decreto o *procedemento* para tramitalas, para a continuación seguir co desenvolvemento destas actuacións.

Cuarto.- É desexo desta Xerencia municipal de urbanismo e, xa que logo, do Concello de Vigo, que os actos de edificación se desenvolvan con escrupuloso respecto a estas normas, de tal forma que, mentres segan vixentes, non se poida conceder ningunha licenza urbanística que afecte á remoción de terras segundo detalla o art 5.6.3 das Normas urbanísticas deste PEPR, en tanto non se acredite que teñen acaecido todas aquelas autorizacións, resolucións ou títulos administrativos sectoriais en materia de patrimonio arqueolóxico, que permitan conceder a pertinente licenza urbanística.

- A mención á dotación de persoal para unha xestión áxil do patrimonio arqueolóxico entendemos excede das competencias que ostenta a Comunidade autónoma na súa intervención sectorial sobre este PEPR:

A potestade de auto-organización é propia dos Concellos. A Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local no seu art. 4.1 letra "a" determina que, como administración pública de carácter territorial, corresponde ó municipio esta

potestade e en concreto o art. 124.4 letra “k” atribúe á alcaldesa a facultade de establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva.

En todo caso afirmar outra vez que tal e como enriba se considerou, a competencia en materia de protección do patrimonio arqueolóxico é autonómica, sen prexuízo das facultades de auxilio que poden desenvolver as corporacións locais. De pretender que os entes locais sexan os que desenvolvan a competencia autonómica (contratación de persoal específico, arqueólogos, para xestionar axilmente o patrimonio arqueolóxico), en atención ó acordo entre a Xunta de Galicia e a a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade autónoma de Galicia, pacto local subscrito entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Xunta de Galicia, se deben arbitrar medio transferencia ou outras técnicas xurídicas, os medios técnicos, materiais, persoais e financeiros dabondo para asumir novas competencias, no senso previsto nas cláusulas “H” e “I” do citado acordo<sup>3</sup>.

Polo menos manifestar que resulta paradoxal que sexan os propios Concellos os que a través das súas normas urbanísticas (planeamento urbanístico) estean a protexer os restos arqueolóxicos, defendelos e difundilos, asumindo así a protección efectiva que lle debería proporcionar a administración autonómica.

Unha vez corrixida a documentación tal e como se expuxo, o 19 de xaneiro de 2007 recabouse novo informe, emitido polo Sr. director xeral o 27 de febreiro de 2007, con entrada no rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo o 12 de marzo, informe favorable sen reparo ningún en canto ó patrimonio arquitectónico e pedindo que, no referente ó patrimonio arqueolóxico, deberían ser obxecto de corrección tres cuestións no documento de aprobación definitiva:

**Primeiro.-** A tramitación dos proxectos de intervención arqueolóxica: aínda recoñecendo que se contemplan aspectos relativos aos tipos de licenzas municipais que dean cobertura ás distintas intervencións arqueolóxicas, afirma o Sr. Director xeral que non se determinan claramente os trámites de resolución do proxecto arqueolóxico. Ó respecto cabe reiterar o manifestado anteriormente en relación á competencia autonómica, que non municipal, para regular o procedemento de tramitación das súas propias autorizacións sectoriais en materia de patrimonio arqueolóxico, permiso exclusivamente autonómico: arts. 196.5 LOUGA, 148.1.16 CE, LO 1/1981, RD 2434/1982, art. 2.1 LPCG e Decreto 199/1997 que regula precisamente a autorización arqueolóxica.

En todo caso e como queira que entendemos necesaria unha coordinación entre as intervencións de cada unha das administracións, con respecto á normativa vixente inclúese un artigo nas Normas urbanísticas do PEPRI, o 5.6.4, que regula a

---

<sup>3</sup> H) Compensación financeira

O Goberno da Xunta de Galicia comprométese a artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente as administracións locais galegas ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan supoñer unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos.

I) Financiamento das competencias impropias

O Goberno da Xunta de Galicia habilitará unha partida económica co obxectivo de financiar aqueles servizos que, malia seren de competencia exclusivamente autonómica, veñen prestando os concellos e as deputacións provinciais.

tramitación destes dende o punto de vista da súa incidencias nas licenzas urbanísticas, estas sí, de competencia municipal.

**Segundo.-** Pídese unha substitución do vocábulo “autorización” do art 5.6.4 polo de “resolución”, modificación que sen comentarios se asume.

**Terceiro.-** Manifesta a necesidade de que se incorpore ó documento unha alusión á necesidade de que se potencien solucións técnicas de cimentación que afecten o menos posible aos restos arqueolóxicos, preocupación que plenamente compartimos, polo que se procede a engadir un epígrafe no art. 5.6.3.4 nese senso.

#### **Oitavo.- Outros informes**

I.- Como queira que se considerou que a modificación puidera afectar a terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres públicos previstos no Plan Especial vixente, non en termos cuantitativos pois se incrementan tal e como se expuxo no punto segundo deste apartado a superficie de zonas verdes, senón no que se refire á posición nalgunha delas (Venezuela, Ronda; Emilio Blein Budiño), considerando que durante a tramitación deste expediente trasladouse a subestación subministradora de enerxía eléctrica de Unión FENOSA fóra do ámbito do PERI Casco Vello, recabouse, segundo prevé o art. 94.4 LOUGA, o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Este informe pediuse o 12 de xaneiro de 2006, achegando un plano comparativo destas zonas entre o PEPRI vixente e o que se está a tramitar.

Este trámite tivo resposta o 7 de xuño de 2006 expresando dous pareceres diversos:

- Por unha parte e no que importa, que as zonas verdes e espazos libres que se modifican non figuran como tales no Plan xeral, polo que se devolve o expediente sen pronunciamento da Comisión superior ó non se considerar preceptivo
- Por outra banda, solicítase nova remisión do Plan para informe, en canto este sexa modificado coas consideracións introducidas polo informe sectorial de Cultura e trala súa aprobación provisional polo Concello, aludindo ó disposto nos arts. 69.4 e 86.1.d LOUGA.

A este respecto cabe sinalar o seguinte:

Primeiro.- A remisión á Comisión superior de Urbanismo de Galicia é unicamente ós efectos enriba sinalados (cambio fóra do ámbito da subestación eléctrica).

Segundo.- Durante a tramitación do PEPRI modificouse a medio de Lei 15/2004, do 29 de decembro a LOUGA, incluíndo un aptdo. 4 no seu art. 69 do seguinte teor literal: “*O plan xeral poderá remitir a ordenación detallada do solo urbano consolidado a un plan especial de protección. Neste caso, antes da aprobación definitiva do plan especial, deberá recabarse o informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio nos termos sinalados polo artigo 86.1.d.*” A dicción legal é bastante clara en canto a que a remisión ó artigo 86.1.d está referida ós termos do informe citado, isto é, “no

*que se refire ó control da legalidade, a tutela dos intereses supramunicipais, así como do cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos planes territoriais e sectoriais”, xa que logo non hai que seguir un procedemento distinto ó resto dos planes especiais que inclúa aprobación provisional e isto é así pois de querer a norma remitirse a todo o procedemento así o diría cunha mera remisión non ó informe preceptivo concreto, senón simplemente ó artigo 86.1.d.*

Terceiro.- En calquera caso significar que este artigo non resulta de aplicación, pois tal e como se expuxo nos puntos primeiro, segundo e quinto do apartado II desta proposta, ós que nos remitimos para non nos reiterar, non estamos ante unha remisión do plan xeral a un plan especial de protección que detalle e ordene o solo urbano consolidado, senón ante unha modificación da ordenación detallada que xa establece o documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia (PXOU 1993), para o ámbito do Casco Vello, de conformidade co previsto no artigo 93.3 LOUGA, en canto se alteran certas determinacións do PEPRI de 1991 e, xa que logo, do PXOU 1993, respectando as limitacións fixadas no artigo 62.1 da citada Lei.

Esta é a razón de manter todas as determinacións que o PXOU 1993 contía non só para o solo urbano consolidado senón tamén para o non consolidado, pois unha alteración destas obrigaría a redactar unha modificación do Plan xeral.

Polo tanto, no informe da Consellería de política territorial xustifícase a improcedencia da intervención da Comisión superior de Urbanismo de Galicia para informar sobre o pedido, alteración das zonas verdes ou espazos libres.

II.- Prevéndose no estudo económico financeiro un investimento anual do Concello de Vigo para acometer unha serie de actuacións e xestións a través do recentemente constituído Consorcio para a rehabilitación do Casco Vello de Vigo, tense recabado informe dos servizos económicos sobre a suficiencia da fontes de financiamento municipais para executar o plan, informe emitido polo Sr. interventor xeral do Concello o 21 de marzo de 2007 no que considera xustificada dabondo a avaliación económica dos investimentos contidos no Estudo Económico e como hipóteses razoables e posibles as referidas a investimentos propios do Concello e doutras Administracións.

### **Noveno.- A calidade técnica de ordenación proposta**

No informe dos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo ás alegacións que obra no expediente ás páxinas 602-668, infórmase sobre a calidade técnica da ordenación proposta, extractándose de seguido a modo de resumo o máis salientable, así:

A documentación presentada cumpre as condicións e determinacións establecidas nos artigos 69 e 70 da LOUGA, e as dos artigos 64 e 65 (determinacións e documentación dos Plans Parciais, por remisión do artigo 70).

En canto aos requisitos que figuran nas prescricións técnicas do prego de condicións do contrato de asistencia técnica para este traballo, aprobado por Decreto do



Presidente da Xerencia de Urbanismo o 6 de marzo de 2000 e que figura no expediente de contratación, pódese informar que se cumpren na documentación presentada.

Por se tratar dun Plan Especial de Protección, as determinacións de ordenación referentes á parte do ámbito que pode asimilarse ao solo urbano consolidado, por se dar os requisitos do artigo 12 a) da LOUGA, procuran a harmonización co conxunto. O Plan contén un catálogo con catro niveis de protección e unhas medidas de intervención no patrimonio edificado e arqueolóxico que foron obxecto de informe pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Pode dicirse que nesta zona o PEPRI da cumprimento ao artigo 46.1 da LOUGA, en canto ten como obxectivo favorecer a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes e demais elementos e tipos arquitectónicos singulares, con mantemento da trama urbana existente.

O Casco Vello de Vigo contén unha relación de bens de interese cultural (BIC) coa categoría de monumentos declarados mediante Decreto do 8 de febreiro de 1946, en concreto os soportais da Praza da Constitución, Colexiata de Santa María, casa nº 4 da Praza de Almeida e o seu contorno, rúa Real e casa en esquina á rúa do Triunfo.

A medio de Decreto 136/2006, do 27 de xullo, todo o ámbito ten sido declarado Ben de interese cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, expediente 8346/411.

As ordenacións propostas nas áreas nas que xa existían convenios anteriores (da Panificadora e do Asilo), onde se produce segundo a proposta elaborada polo equipo redactor unha intervención de nova planta sobre o tecido do Casco Vello, foron obxecto de correccións para tentar unha maior adaptación ao contorno.

En relación co ámbito do convenio da Panificadora, dicir que a proposta do equipo redactor de estimar a alegación nº 1 provoca unha modificación non substancial da ordenación detallada que figurou na aprobación inicial, modificación que orixina unha maior liberación de espazo de uso público no interior da parcela e, en troques, o incremento dunha altura na edificación perimetral, mellorando a relación con dito espazo libre interior en prexuízo, en certa medida, da relación co ancho das vías perimetrais. A instancia dos servizos técnicos municipais adoptáronse algunhas medidas para mellorar a transición da proposta volumétrica co fronte edificado do Paseo de Alfonso e Cachamuiña-Rúa de Santiago. A xuízo do equipo redactor esta ordenación *“mellora a ordenación inicialmente aprobada, xa que se libera un maior espazo libre para uso público, ampliando o campo visual dende a rúa de Santiago, así como o tránsito peonil, sendo a mesma conforme cos obxectivos e criterios do PERI”*.

No tocante á ordenación proposta na parte do ámbito que en base á disposición transitoria 1ª, e ao artigo 12 b) da LOUGA debe considerarse como Solo urbano non consolidado (Área de Reforma Interior do Barrio do Cura), a proposta de ordenación corrixiuse tendo en conta a sentenza 33/2002 e, xa que logo, remitíndose ás condicións establecidas no Plan Xeral de 1993, axustándose ás características da aprobación inicial de 5.09.89. A tal efecto respéctanse o uso global, as tipoloxías e a altura máxima de cinco plantas.

Nesta zona remitida á reforma interior non se supera o límite de sostibilidade aplicable, segundo o artigo 46.2 a) da LOUGA, xa que a superficie edificable é inferior a 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>s.

No Anexo III da Memoria Xustificativa, o equipo redactor xustifica que non se produce un incremento de edificabilidade lucrativa no PEPRI, nin na zona asimilable ao solo urbano consolidado, nin na área de reforma interior do Barrio do Cura.

Finalmente, no que se refire ás normas de aplicación directa do artigo 104 da LOUGA, malia gran cantidade de conceptos xurídicos indeterminados que contén dito artigo, neste caso a “adaptación ao ambiente”, a “harmonización con conxunto existente”, ou a “congruencia” das tipoloxías co contorno foron valorados no seu caso pola Consellería de Cultura no seu informe preceptivo segundo a lexislación sectorial do Patrimonio Cultural e á vista das consideracións que a propia Consellería fixo no seu tempo.

#### **Décimo.- Tramitación administrativa**

Segundo as prescricións do artigo 93.4 LOUGA, a modificación do plan especial de reforma interior do Casco Vello suxeitouse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Completo xa o expediente, a competencia para a súa aprobación definitiva correspóndelle de conformidade co previsto nos artigos 89.2 LOUGA e 123.1 letra “i” da Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, ó Concello-Pleno por maioría simple, segundo previsión do art. 47.1 da mesma Norma.”

Visto o anterior, a técnica de administración xeral e mailo xerente da Urbanismo emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 29 de marzo de 2007, acorda propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: O Partido Galeguista está en contra deste PEPRI porque entendemos e temos dito moitas veces que non se axusta á legalidade vixente. Sempre temos votado en contra de temas de urbanismo que estaban fundamentados no Plan do 93 e este caso non vai ser diferente. Malia o que algúns teñen dito e que eu respecto, paréceme que como se lle produza unha soa reclamación na mesma liña que teñen feito reclamacións os que as saben facer, porque algúns non saben e se lla fai un deses igual temos sorte, pero cun plan tan importante para Vigo non xogo á ruleta rusa. Insisto en que se calquera que saiba deses temas que non vou repetir sobre a tipoloxía, etc., demasiado botados atrás

sistematicamente polos Tribunais, este plan non pasaría o fiato dos Tribunais de Xustiza e polo tanto para nós é unha razón suficiente.

Agora ben, tamén queremos dicir que nos parece que un plan de reforma do Casco Vello é imperiosamente urxente e dáme a impresión que vostedes mesmos están a facer un xogo cara á galería aprobando algo que saben que non vai a ningures para logo aprobar isto no novo Plan Xeral que é onde debe ter acomodo.

Dito doutro xeito, rexéitao hoxe en función de que nos parece moi feble dende o punto de vista da legalidade, estamos dispostos (máis-menos) a asumilo no novo Plan Xeral. Busquemos o consenso para ese día que será o día en que este plan poida ter eficacia.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Nós o que botamos de menos é unha explicación do Goberno municipal, xa non só no contido do propio plan que se trae a Pleno senón sobre todo do por que esta figura urbanística da que se tomou a decisión de iniciar estes traballos o 28 de outubro do ano 99, logo de máis de sete anos tráese esta proposta a Pleno. Fíxose de rogar e demostra que, cos traballos moi avanzados no ano 2003, non tivo o pulo político necesario para que este plan xa estivera en marcha e permitira algo no que parece que os catro grupos municipais concordamos: que hai que ter unha actuación decidida e inmediata sobre unha das pezas fundamentais da nosa cidade como é o barrio histórico de Vigo.

Gustaríanos saber cales foron as razóns desta demora porque se seguimos con este xeito de xestionar, esta cidade cada vez se irá paralizándose máis. En todo caso alá o Goberno se non quere explicar as súas razóns pero non é presentable que logo de máis de sete anos se traia esta figura urbanística para a súa votación de xeito definitivo.

Agora ben, nestes momentos o que temos enriba da mesa é un documento que sufriu diversos avatares, que non só xa ten percorrido a parte legal correspondente, senón tamén que ten permitido a todos os actores da sociedade viguesa participar dun xeito directo no seu resultado final. Coido que nesta figura urbanística todo o mundo ten escrito as súas posicións, aí están para as analizar, para quitar conclusións sobre o que pensan as persoas e os grupos políticos sobre a recuperación do corazón da cidade dende o punto de vista histórico.

O Casco Vello polo menos para o BNG, así o temos demostrado, como o 28 de outubro de 1999 en que a proposta do BNG, no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo se toma a decisión de adaptar o PERI do Casco Vello aprobado no ano 91 á Lei 8/95, representa e seguirá representando unha das pezas máis emblemáticas, un espazo vivo sobre todo para a memoria da cidade e polo tanto ó BNG obríganos a ser consecuentes e a traballar para que iso sexa certo. Sobre todo porque ese conxunto representa basicamente os sinais de identidade da cidade inicial e non é casual que o defendamos con orgullo a pesar do estado no que se atopa neste intre. Con este PEPRI o que pretendemos sobre todo é facer desta figura urbanística, deste espazo urbano, deste barrio histórico un grande espazo libre e devolver a cidade ós seus habitantes e mellorar a calidade de vida porque non podemos entender como esta peza fundamental, onde todos nos miramos reflectidos, as persoas, os seus residentes, independentemente da súa condición económica e social, mesmo de propiedade que teñan, teñen dereito cando menos a ter os mesmos servizos que o resto da cidade. Debemos admitir coma administración e como grupos políticos a nosa responsabilidade de que xa no ano 2007 aínda non os teñan cando resulta que aí precisamente naceu a cidade.

Entendemos que este PEPRI é e vai ser a panca que vai permitir transformar dun xeito definitivo a situación de desleixamento que temos nesta peza fundamental da nosa cidade e por iso entendemos que xa ía sendo hora de que tiveramos este documento enriba da mesa. Por todo isto entendemos que a Corporación debера apoiar o que hoxe se trae a aprobación porque senón non sabemos cantos anos máis imos ter esa figura urbanística, ese corazón da cidade abandonado nas mesmas circunstancias.

En todo caso alá cada quen coa súa responsabilidade.

SR. RUIZ CENICEROS: Nós si cremos que a tramitación deste PEPRI Casco Vello exemplifica ou explica o que está a pasar en xeral con todos os documentos de planeamento no actual mandato. Un documento que en principio iniciou a súa tramitación e durante todos estes anos díxose que é urxente e moi necesario por canto que é a peza fundamental para rehabilitar o actual Casco Histórico, que no seu trámite de exposición pública recibiu 195 alegacións o que é un número razoable, que en principio os informes desfavorables que tivo foron da Consellería

de Cultura da que non se recibiu ningunha acusación nin sospeita que informase desfavorablemente no seu día pedindo correccións por calquera tipo de estratexia política ou conspiración electoral, pois aínda así tardouse en tramitar seis anos sen que o Goberno municipal nunca explicase por que mediaron tres anos dende a aprobación inicial ata esta aprobación definitiva, con caducidade de suspensión de licenzas e con distintos avatares que ó noso xuízo coinciden co que pasa co resto de documentos de planeamento teoricamente en tramitación.

Se analizamos o que aconteceu co PEPRI Casco Vello, o que acontece co Plan Xeral que no seu caso si que recibiu 71.000 alegacións, informes desfavorables da Consellería de Política Territorial, de Cultura, da Dirección Xeral de Ferrocarrís, de Costas, que está pendente de valoración estratéxica ambiental; se analizamos o Plan especial da Guía que tivo que ser arquivado polo rexeitamento social que espertou; se analizamos o Plan Especial de protección do Parque de Castrelos que leva practicamente catro anos paralizado, pendente dun informe da concellería de Patrimonio Histórico deste Concello sen a menor explicación; se analizamos a tramitación do Plan Especial do Ensanche que leva dous anos esperando a que o Goberno Municipal leve ó Consello da Xerencia o plan de traballo para iniciar a tramitación porque a día de hoxe non se fixo absolutamente nada, veremos que hai distintos motivos, distintas escusas para esa tramitación paralizada e unha única causa común que neste caso é a xestión do Goberno municipal que nuns supostos nin sabe o que quere nin sabe o que pretende, que ó mellor é o que pasa co Plan Especial de Castrelos ou con o Plan Especial do Ensanche e noutros casos quere o que non debe ou insiste en facer o desaxeitado que é o que acontece co PEPRI do Casco Vello e co Plan Xeral.

Está claro que o PEPRI Casco Vello é necesario e urxente e así mesmo o recoñeceu toda a Corporación hai xa seis anos cando se inicio a súa tramitación e se contratou ó equipo redactor, que por riba tiña e ten uns obxectivos que son evidentes como é adaptalo á lexislación vixente, á Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que está vixente dende o ano 95, e a todas as sucesivas leis urbanísticas e do solo que se foron tramitando dende o ano 91 porque a día de hoxe non se adapta a ningunha.

O feito de ter que renovar toda a normativa de protección, de ordenación e de autorización das actuacións en cada un dos edificios que se sitúan no Casco Histórico e o feito de dar un instrumento de actuación ó Consorcio do Casco Vello

son finalidades que calquera grupo municipal apoiaría e tería que levar a cabo se estivese no Goberno. Ademais, unha vez coñecido o documento que se leva a aprobación definitiva, mesmo hai que recoñecer que vale como punto de partida e que ten propostas que se non axeitadas polo menos son asumibles.

Ten unha normativa que regula que se pode facer en cada zona concreta do Casco Vello, qué operacións de urbanización se poden realizar e define exactamente qué poden facer os particulares ou as institucións públicas en cada un dos edificios. Logo tamén é o punto de partida para a delimitación de áreas de expropiación nas que está claro que os particulares non van actuar porque non son zonas economicamente lucrativas pero que o PEPRI Casco Vello posibilita que o Consorcio se faga con esas zonas por vía de compra ou de expropiación e actuar dende un punto de vista de finalidade pública, o que dende logo é gabable

Pero dentro desas finalidades que son gabables e asumibles por calquera e que supoñemos que todos os grupos levarían a cabo se fosen goberno, inclúense propostas que de primeiras xa son claramente contraproducentes e ademais coa fórmula dos convenios urbanísticos, é dicir, os acordos con particulares consonte con determinadas supostas contraprestacións ou suposto interese público que teñen determinadas actuacións, se lle recoñece unha determinada edificabilidade, un determinado uso e un determinado aproveitamento que no caso do PEPRI Casco Vello localízase concretamente en zonas ademais moi emblemáticas e discutidas ó longo de todo o debate do futuro, ordenación e desenvolvemento do casco histórico.

Concretamente dunha desas zonas somos veciños no Concello, o ámbito da Panificadora que actualmente ten unha edificabilidade en metros cadrados de 12.618 e un uso industrial e unha tipoloxía que non supera os 5 andares e que posibilita que ó día de hoxe na rúa Camelias e no Castro se manteña un dos miradoiros públicos máis emblemáticos e máis recoñecidos. Tan recoñecidos que en principio supoñemos que ninguén sospeita que a día de hoxe ese miradoiro poida estar en perigo. O convenio que se inclúe no PEPRI Casco Vello en troques dun vial interior, que dada a súa dimensión supoñemos que será peonil porque non ten máis alcance, en troques de xerar unha suposta praza pública de 500 m<sup>2</sup> que en realidade será un patio interior público ou privado pero que non terá tampouco máis alcance, e en troques da cesión dun equipamento público que en realidade son os

silos, que nin sequera se accede completamente e aínda non se sabe para que se cede e non se cede completamente porque o seu espazo máis emblemático ou de maior aproveitamento que sería a cuberta vai seguir sendo de uso privado e ademais de uso lucrativo, pois en troques diso se dobra a edificabilidade, é dicir, o PEPRI permite construír o dobre do que agora mesmo podemos comprobar a simple vista do que é o volume existente, permite elevar a edificabilidade a 21.950 m<sup>2</sup> e loxicamente todo ese volume pásase dos 5 andares actuais a entre 7 e 8 andares superando en 4 a rasante actual da rúa Camelias.

No ámbito do Asilo pasa outro tanto, dun equipamento asistencial que a día de hoxe ten 4.413 m<sup>2</sup> de superficie edificable e unha altura que na rasante de Pi i Margall e do Paseo de Alfonso non supera os 3 andares, o PEPRI que agora mesmo se trae a votación dobra esa edificabilidade ata 11.600 m<sup>2</sup> que tamén no PEPRI que agora mesmo se trae a tramitación acada os 5 andares, pero que en realidade é unha proposta falsa; o que aquí se trae a votación non é realmente o que se vai facer porque non coincide, nin é compatible co que en realidade é a proposta do goberno municipal que é a que se contén no Plan Xeral e coa que se solapa e que vai moito máis aló. Unifícaa con todos os polígonos do Barrio do Cura e chega supoñer unha edificabilidade total para uso residencial e comercial de 58.211 m<sup>2</sup> e ese volume loxicamente cunha tipoloxía que acada unha altura na rasante de Pi i Margall e a rúa Santa Marta de ata 9 andares e no Paseo de Alfonso de ata 7 andares.

Nós xa o comunicamos e xa expuxemos reiteradamente, a última vez no Consello da Xerencia, que consideramos que dende o punto de vista urbanístico son propostas desaxeitadas porque sobre todo no Casco Vello e as zonas lindeiras, unhas zonas que están xa sobradamente densificadas, pretenderen dobrar a edificabilidade, a ocupación e o volume dende o punto de vista urbanístico é completamente contraproducente e ademais innecesario.

Seguramente a día de hoxe a opinión pública supón que en realidade esas dúas operacións consisten en cambiar o uso, que se vai construír o mesmo pero en troques dun equipamento público que non ten sentido porque se trasladou, vai ter un uso residencial e un uso comercial e na Panificadora se vai producir exactamente o mesmo. Dun uso industrial que xa hai décadas que está en desuso se vai cambiar a un uso comercial ou un uso residencial no seu caso, pero iso urbanisticamente

non é así porque en realidade se vai construír máis do dobre do que agora mesmo existe.

Ademais dende o punto de vista do impacto paisaxístico temos probas evidentes no propio expediente e sufridas por esta Corporación neste mandato, de que ese tipo de actuacións nesas zonas son non xa desaxeitadas, senón que espertan un claro rexeitamento e conflito social que este mandato e este Pleno sufriu nestes catro anos.

Por unha banda o propio expediente, como xa lembramos no Consello da Xerencia, contén un informe do equipo redactor que é o de resposta ás advertencias que formularan os informes sectoriais das distintas consellerías que describe que tratamento debe recibir unha tipoloxía, unha edificabilidade dese tipo e para que conste en acta reproducimos o que comenta nese informe, nos folios 118 e 119 do expediente administrativo, o propio equipo redactor e no seu día o director do equipo redactor do PEPRI Casco Vello.

Di textualmente: “No que se refire ás alturas resulta evidente que non se poden pechar os ollos e que hai que canalizar o problema que entrañan os edificios construídos que desvirtúan a imaxe conxunta do Casco Vello polo seu volume desproporcionado. Exemplos: Concello, Hotel Bahía, o coñecido edificio Asefal, etc. Se estes contraviñesen as disposicións do planeamento non caben máis que dúas solucións: ou ben derrubalos liquidando a situación e lexitimando a expropiación, ou ben conxelalos ata o seu esgotamento natural aplicándolles o réxime de fóra de ordenación. Esta última solución é a apuntada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Porén o equipo redactor entende que deixalos nunha situación de fóra de ordenación de nada serviría para acadar un dos obxectivos específicos fixados polo propio PEPRI que é o de mellorar a imaxe das edificacións do perfil urbano xa que as obras permitidas neste tipo de situación son moi limitadas, por non dicir que un dos problemas subsistentes nos edificios fóra de ordenación é a aplicación do seu réxime cheo de conceptos xurídicos indeterminados. A outra solución de derrubalos tampouco parece moi viable polo custo económico que iso suporía para a administración pública.



Temos que dicir en calquera caso que no presente plan si se prevé algún caso de expropiación asumible pola administración no que se rebaixa o volume edificable existente.”

É dicir, hai casos no PEPRI Casco Vello que o que fai o PEPRI é reducir a edificabilidade. Neste caso non só non a reduce senón que a dobra e no caso do Plan Xeral ata a triplica.

Segue dicindo o equipo redactor: “En definitiva, o equipo redactor entende que é máis conveniente axustarse á realidade existente e asumir integramente eses edificios e (subliña) fóra de escala no PEPRI, indicando nas súas fichas individuais obras específicas cara a mellorar a súa imaxe no perfil urbano da cidade”.

O resultado do PEPRI, de se aprobar tal e como agora mesmo se contén, é que non só o Hotel Bahía, este Concello e o edificio Asefal van quedar fóra de escala, senón que vai quedar fóra de escala o que se faga na Panificadora e o que se faga nos ámbitos do Barrio do Cura e do Asilo por unha cuestión técnica e aritmética e non de opinión, senón que efectivamente, se Asefal ten 9 andares en Pi i Margall, en Santa Marta vanse construír exactamente 9 andares; se Asefal ten 9 andares e o edificio actual do Asilo ten 3, exactamente onde está o Asilo e no que afecta á rasante do Paseo de Alfonso se van construír 7 andares.

Iso incide no que sufriu esta Corporación co edificio que precisamente na rúa Santa Marta se comezou a construír de 7 andares. No ano 97 esta Corporación aprobou a modificación do PEPRI vixente para en troques de facer unha actuación pública que é moi loable, que era unha gardería, conceder unha edificabilidade ós promotores que lles permitiría construír na rúa Santa Marta un edificio de 7 andares. Esta Corporación aprobou a modificación puntual, concedeuse a licenza, a gardería construíuse e está en funcionamento e cando se comezou a construír o edificio de 7 andares, a medida que se ían elevando os andares se empezou a provocar un rexeitamento e unha mobilización social que provocou que todos os grupos desta Corporación asumisen e apoiasen ó goberno para acadar un acordo que paralizase esa obra e impedise que se rematase.

Pois nesa mesma rúa o que pretende o PEPRI Casco Vello solapado co Plan Xeral é construír un enorme bloque de 9 andares. Veremos o que ten que facer a Corporación se efectivamente iso se aproba cando se comece a construír e a elevar sobre o miradoiro do Paseo de Alfonso.

Ademais e aínda a maiores o que fai este PEPRI solapado tamén co Plan Xeral é aumentar o beneficio privado dos promotores desas dúas actuacións. Coa fórmula dunha interpretación legal que o que pretende ó noso xuízo é precisamente beneficiar ou polo menos menoscabar, escolle a interpretación que menoscaba ó máximo o beneficio público que se pode obter desas dúas actuacións, a base de mesmo contradicir o criterio do propio equipo redactor tanto no PEPRI Casco Vello como no propio Plan Xeral que coida que toda operación de reforma interior ten que recibir un tratamento de solo urbano non consolidado, considerar que ese é un polígono e é un tratamento de solo urbano non consolidado e nós cremos que tanto no Asilo como na Panificadora son operacións de reforma interior porque se modifica substancialmente o uso característico.

Non vai haber nin uso industrial, nin equipamento público, senón que é residencial comercial nos dous ámbitos, nos dous ábreñse vieiros novos e son cedidos gratuitamente ó Concello, nos dous se xeran espazos públicos de reducións mínimas pero que tamén son cedidos gratuitamente ó Concello, nos dous xéranse equipamentos públicos que son cedidos gratuitamente ó Concello, nun o Asilo e noutro en principio zonas nas que se supón que vai haber unha musealización. Ademais nos dous e especialmente na Panificadora, existe unha pluralidade de propietarios de distintas parcelas que dun ou doutro xeito terían que se repartir as cargas desas cesións o que é unha operación de reforma interior de libro, de manual.

Aínda así neste caso o que fai o equipo redactor é a interpretación contraria, considerar e dar un tratamento de solo urbano consolidado. Iso significa que nin os promotores van ter que reservar o 20% de edificabilidade a vivenda de protección oficial, estase perdendo o 20% de edificabilidade residencial que obrigatoriamente se tería que destinar a vivenda de protección oficial e supoñemos que todos estamos de acordo en que vivenda de protección oficial nesas zonas sería algo axeitado e que ninguén poderá dicir que este Concello se pode permitir o luxo de perder actuacións de vivenda de protección oficial, e a maiores perde este Concello que se lle ceda gratuitamente o 10% do aproveitamento da edificabilidade que por lei terían que ceder os particulares se recibise o tratamento de solo urbano non consolidado.

Aínda por riba aumentando o risco xurídico que xa se mencionou neste Pleno, resulta que o que estamos aprobando a día de hoxe non coincide co Plan Xeral aprobado provisionalmente e non o fai dun xeito rechamante porque se cambiou a delimitación. No Plan Xeral a delimitación do PEPRI Casco Vello non é a mesma que a que estamos aprobando agora, todo o Barrio do Cura e a zona do Asilo que supera os 21.000 m<sup>2</sup> sae e configúrase como un ámbito específico de desenvolvemento xa fóra do Casco Vello, nin sequera está suxeito á protección do Casco Vello, todo o contrario do que se está aprobando aquí. Tan contrario que ata esa clasificación do solo que comentabamos antes é distinta, recibe no PEPRI Casco Vello concretamente o edificio do Asilo un tratamento de solo urbano consolidado e no Plan Xeral, para aumentar a inseguridade xurídica, considérase que é non consolidado. O que estabamos comentando anteriormente.

Se comparamos iso co tratamento que este mesmo Pleno lle deu ó Plan Especial do Monte da Guía, que á parte de supoñer un rexeitamento social, legalmente este Pleno arquivouno porque non coincide co Plan Xeral e precisamente ademais por sacar un ámbito da súa delimitación, por excluír o ámbito de Gomesende da protección do Plan Especial da Guía, pois neste caso chegando ó máximo podería supoñer que precisamente o PEPRI Casco Vello tería que ser arquivado, cousa que nós non consideramos. Polo feito de excluír o Barrio do Cura e o Asilo do Plan Especial non cremos que teña que ser arquivado pero si supón unha cousa moi importante e é que tería que ser modificado o PEPRI e exposto ó público porque ó día de hoxe con esta estratexia e con esta “trécota legal” o que acada o goberno municipal é que toda a actuación do Barrio do Cura e do Asilo non sexa xamais exposta publicamente, nada máis nin nada menos que toda unha actuación que se desliga e se modifica, tanto no PEPRI Casco Vello como no Plan Xeral, que xera un novo ámbito de desenvolvemento e que é unha actuación importante e ademais de modificación substancial, xamais será exposta ó público porque nin se expuxo ó público no PEPRI Casco Vello, nin no Plan Xeral porque se incluíu logo da información pública. Nada máis nin nada menos que acada que todo un Plan Especial que sería o do Barrio do Cura e o do Asilo, de seguiren así xamais sexa obxecto de exposición pública, nin obxecto de participación cidadá, nin de alegacións.

Xa a última “pirueta legal” que foi da que xa advertimos no Consello da Xerencia e a que máis nos sorprendeu porque ademais houbo un momento en que coidamos que o pensaran mellor porque na convocatoria da Xunta de Voceiros facían referencia, polo menos formalmente, de tentar corrixir isto. A convocatoria dicía “Modificación do PEPRI vixente e a súa elevación ó Pleno”.

Tanto no ano 99 cando se aprobou a programación de figuras de planeamento que ían ser tramitadas nos seguintes anos, como cando se adxudicou ó equipo redactor a redacción do PEPRI en maio de 2000, tanto como cando se aprobou o avance no ano 2001, como cando se aprobou inicialmente o PEPRI Casco Vello en febreiro de 2004, díxose que este era un novo Plan Xeral, que era revisión do planeamento vixente e que se aprobaba un novo Plan Xeral con novos criterios. Iso supón unha tramitación que ata o último momento se foi seguindo porque se mandou á Consellería de Política Territorial, á Comisión Superior de Urbanismo e de súpeto ó remataren a tramitación se di oficialmente nos informes que isto xa non é unha revisión, que non é un novo Plan Xeral, que en realidade é unha modificación puntual do Plan do 91, que non se está facendo un novo Plan, senón que seguimos co Plan do 91 pero modificado.

Isto non é só unha cuestión de palabras, faise para non ter que seguir a tramitación que consonte coa lexislación vixente debería seguir todo novo plan especial. Iso significa que un informe que consta da Comisión Superior de Urbanismo e que advirte que este Plan ten que ser elevado á Comisión Superior de Urbanismo para informe antes de ser traído a Pleno, o goberno municipal atopa a escusa para non elevar á Consellería de Política Territorial este Plan Especial e iso tamén leva a que tenten eludir o que é o cumprimento de todos os estándares: límites de edificabilidade, zonas verdes, equipamentos, aparcadoiros que marca a lexislación vixente.

Todo iso como mínimo aumentando a inseguridade xurídica e sen nin sequera corrixir a proposta que hoxe se somete a votación porque segue sen dicir que isto sexa unha modificación do Plan Especial, senón que di textualmente “Aprobar definitivamente o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo e o seu Catálogo anexo”. De ningún xeito fai referencia a que sexa unha modificación do Plan do 91.

Todas estas cuestións, sen menoscabar os aspectos positivos e a urxencia e necesidade que ten este PEPRI Casco Vello, leva a que con semellantes erros que ademais serían perfectamente corrixibles, porque dende o punto de vista técnico non coidamos que exista escusa para non o facer e dende o punto de vista político cremos que son perfectamente asumibles se se queren levar a cabo actuacións axeitadas non só nas zonas máis degradadas, senón nas que van ter o máximo aproveitamento lucrativo e privado do ámbito do Casco Vello, leva a que por parte do Grupo Municipal Socialista, tal como advertimos e solicitamos no Consello da Xerencia a corrección destes puntos e ó non seren atendidos, teñamos que rexeitar a aprobación definitiva e esperar que máis cedo ou máis tarde estes aspectos sexan corrixidos.

SR. FIGUEROA VILA: Tiña preparada unha intervención para falar dos obxectivos do PEPRI do Casco Vello e sobre todo de cales foron os tratamentos que se lle deron nos últimos anos pero coido que este debate plenario ten un contido máis político que técnico. Evidentemente para algún grupo hoxe parece que é un día negativo nesta cidade porque un Goberno e outros grupos apoian o desenvolvemento do PEPRI do Casco Vello que é unha zona da cidade que está degradada, que necesita un impulso, integrarse dentro do que pode ser o centro da nosa cidade que se está a desenvolver.

Politicamente iso seguramente é un fracaso para ese Grupo político porque esta non é a única actuación onde se están poñendo obstáculos porque se puxeron durante estes últimos tres anos e medio, pero a min tamén me gustaría lembrar que se puxeron por parte dese grupo político cando este Goberno quixo constituír unha empresa mixta para desenvolver o Casco Vello, a través do anterior voceiro, impediuse na Zona Franca, pedíronse informes ó avogado do Estado, atrasouse case seis ou sete meses, logo tivemos que facer un Consorcio, etc.

Os cidadáns e máis os corporativos teñen que lembrar que este Goberno foi o que puxo en marcha un instrumento chamado “Consorcio do Casco Vello” cun investimento acadado entre a Zona Franca, a Xunta de Galicia e o propio Concello de trinta millóns de euros. Cantidade que a día de hoxe estanse canalizando investimentos, mercando edificabilidade no Casco Vello e tamén un acordo que está funcionando perfectamente coa Xunta de Galicia e coa Zona Franca para

desenvolver o Casco Vello. Coido que isto é bo lembralo a día de hoxe cando estamos a facer unha análise da situación actual.

Sempre é o mesmo grupo: o Partido Socialista é sempre o que está en contra de todo. Estaba en contra da empresa, estivo en contra do Consorcio e agora non lle queda máis remedio que tragar a evidencia que logo de tres anos o Goberno e os grupos que lle apoian poden presentar unha xestión que coido que vai significar un antes e un logo no Casco Vello. Isto é o que nos ten que importar ós representantes políticos.

Nós temos plena confianza no equipo redactor deste Plan que ademais foi proposto por vostedes cando estaban no Goberno. Entran en tantas contradicións que é difícil explicalas. É difícil explicar como se opón un partido a un equipo redactor que propuxo e votou el cando era Goberno. Para que miren vostedes o que tarda a tramitación de calquera planeamento nesta cidade non só deste, Pizarro, Rosalía de Castro, etc. levan anos no esquecemento. É que ó Partido Socialista lle molesta que se aprobe o PEPRI do Casco Vello?

Vou entrar nalgunhas contradicións máis. O convenio da Panificadora asinouo o Goberno do que formaba parte o Partido Socialista, non se esquezan vostedes porque era o mesmo Partido Socialista. Agora a partir do 28 de maio haberá outro e ó mellor o que non lle vale a vostedes valeralle a ese. Estamos convencidos porque estes últimos tres anos non foron demasiado afortunados para o partido Socialista na cidade de Vigo. Tamén haberá unha paréntese, igual que vostedes no ano 2003 esqueceron todo o que fixo o Partido Socialista anteriormente, a partir do ano 2007 esquecerán o que fixo o Partido Socialista dos anos 2003 ó 2007 porque é difícil poder esquecer o que fixeron vostedes ou dos posicionamentos que tiveron durante estes últimos catro anos.

Tamén é moi difícil entender por un cidadán normal que os asesores que teñen para temas de urbanismo, que fan ordenacións detalladas contra o Plan Xeral, sexan os que redactan o planeamento para o Asilo e para o Barrio do Cura. Dende logo se alguén me asesora contra un planeamento ou contra o Plan Xeral e faime ordenacións detalladas, seríame difícil explicar que logo teña que criticar a ese asesor meu nun planeamento que fai con respecto ó Barrio do Cura, coido que todos nos entendemos.

Hai un cinismo profesional e político atroz que vale segundo nos interese, se a un lle interesa a edificabilidade de máis de 4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> para Cordelerías Mar, logo defende a un despacho de avogados que é o que asina o documento de todas as cuestións negativas xurídicas contra o Plan Xeral que o teño aquí... é difícil entender todo iso nesta cidade porque o que se ten que ter é coherencia e respectar os criterios porque se un respecta uns criterios de edificabilidade nun ámbito determinado, terá que os defender tamén noutro ámbito. Ese é o cinismo que se está a introducir nesta cidade e é o que os cidadáns de Vigo teñen que coñecer.

Teñen que coñecer que os asesores que ten o Partido Socialista contra o Plan Xeral son os que redactaron o ámbito do Barrio do Cura. Tamén que algúns dos avogados e xurídicos que están en contra do Plan Xeral son os que defenden en Cordelerías Mar máis de 4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. Se isto non é certo rebátanmo.

Eu respecto ós demais grupos políticos, respecto o posicionamento do Sr. Soto, non comparto o seu criterio pero o respecto; non está de acordo e fai un razoamento que é lóxico para el aínda que non para nós, pero ten coherencia. Quen non a ten é o Partido Socialista que se opón a todo absolutamente nesta cidade e logo son os que por detrás están tentando convencer coas súas propostas para que se leve a cabo. Vostedes no ano 2003 cando se asinou o convenio coa Panificadora formaban parte daquel Goberno, ou é que era outro Partido Socialista? Supoño que algúns de vostedes como son independentes, non avalan as teses do Partido Socialista; tamén pode ser, entenderíao e tería coherencia pero senón é difícil de xustificar.

Tamén é difícil xustificar que vostedes sexan os que critican a un equipo redactor que eu defendo porque penso que é magnífico, pero algún dos seus membros son altos cargos dun Goberno que vostedes hoxe dirixen na Xunta de Galicia, gústelles ou non. A persoa que dirixe a Vivenda nesta Comunidade Autónoma é unha das persoas que formou parte deste equipo redactor que deseñou o planeamento da cidade de Vigo. Non teño nada contra el senón que todo o contrario, parécese un magnífico profesional.

Hai que ter un pouco de coherencia porque non é de recibo que o Partido Socialista poida criticar ás persoas que deseñaron o urbanismo da cidade de Vigo e vostedes son os que lle sustentan o seu Goberno. Expliquen iso á cidadanía; eu si o entendo por que son bos profesionais, vostedes non porque están na permanente frustración nesta cidade.

Esas son as consecuencias políticas que nos levan a algúns ter que asumir por responsabilidade con esta cidade documentos que compartimos porque son necesarios, porque cremos que é difícil e complexo levar a cabo calquera planeamento nesta cidade. Vostedes esqueceron que moitas consecuencias de urbanismo na cidade de Vigo veñen dun plan do ano 93 e foi o Partido Socialista quen dirixiu eses traballos? A maior parte desas sentenzas veñen dadas dese planeamento.

Non me gustaría reabrir estes debates pero son necesarios e imprescindibles porque vostedes non sei detrás de que se agachan, non sei que é o que queren ocultar. Falábase o outro día de que non hai transparencia por parte dalgún candidato na resolución da dirección xeral de Urbanismo con respecto ó Plan Xeral. O documento téñeno en Santiago, foi tratado e falado cos seus responsables políticos, tiñan o documento na súa Consellería, a conselleira tiña o documento nas súas mans e devolveuno á cidade de Vigo. Como poden falar de ocultismo se teñen máis datos vostedes na dirección xeral de Urbanismo que ningún outro grupo ou estamento?

O único que queren é tentar ensuciar, calumniar e difamar a esta Corporación e a este Goberno. Pois segan por ese camiño, coido que lembrarán todas as trabas que nos puxeron para levar a cabo o Consorcio do Casco Vello e hoxe está funcionando, calado por parte do Goberno e sen utilizar para nada porque consideramos que é unha peza importante para o desenvolvemento do Casco Vello.

Se este Goberno tivo un xesto ético e de cortesía con todos os grupos políticos e a Corporación foi non utilizar para nada politicamente ó Consorcio do Casco Vello porque consideramos que sería un erro tremendo, pero a día de hoxe podemos dicir que é a primeira vez na historia desta cidade que se está dando un impulso de verdade ó Casco Vello porque xa hai máis de 10.000 metros cadrados de edificabilidade comprados porque os técnicos están a facer un magnífico traballo e esa é a realidade.

O traballo que se fixo durante este último ano e medio vai dar os seus froitos inmediateamente e vostedes sábeno. Saben que se está tentando negociar máis investimentos coa Consellería da Vivenda e máis a posibilidade de facer expropiacións nesa zona porque consideramos que é necesario. Ou hai un pulo claro das institucións ou é totalmente imposible a rehabilitación do Casco Vello, saben



que as economías das familias que alí viven non son tan boas como nos gustaría a todos e é totalmente imposible que polos seus propios medios fagan a rehabilitación, ese foi o grande fracaso do Casco Vello a día de hoxe, o fracaso do plan urbano e de todos os planes que houbo alí.

As familias que teñen posibilidades o que fixeron foi comprar para tentar quitar unha máxima rendibilidade e por iso hai edificios abandonados. Outras familias, por moitas axudas que lles deamos, aínda que sexa o 80 ou 90%, non teñen nin o 5% para poder facer a rehabilitación porque non teñen medios económicos. Ese foi o motivo polo que nós entendemos que había que constituír un Consorcio.

Vostedes obstaculizárono, pediron informes ó Avogado do Estado, fixeron o ridículo no Consorcio da Zona Franca, mesmo foi a primeira vez dende a constitución dese Consorcio que tivo que haber unha votación para algún tema. Todo orixinado polo partido Socialista e agora ráchanse as vestiduras, logo de seis anos de traballo onde na metade dese tempo vostedes participaron no documento e veñen dicirnos que se fixo na Panificadora. Pregúntenlle ós seus anteriores compañeiros de Corporación e de Goberno porque foron do seu partido.

O que se está a facer no Barrio do Cura pregúntenllo ós seus asesores que os teñen máis próximos ca min. Seguramente temos nós máis confianza nos asesores que vostedes mesmos porque vostedes os utilizan segundo lles interesa e nós non, pensamos que son profesionais e que fan un traballo digno. Consideramos que as propostas que se están a facer tanto para o Barrio do Cura como para a Panificadora son as correctas para tentar buscar dotacións para esta cidade, para desenvolver unhas zonas que están totalmente degradadas e senón sería imposible.

Cantos anos levan a Panificadora e o Asilo sen posibilidade de desenvolvemento? Nós non queremos que sega así, cremos que aquel convenio que se asinou era bo, que a proposta para o Barrio do Cura é boa e cremos que o que propoñen os técnicos e o equipo redactor para o Casco Vello vai significar un pulo definitivo para ese barrio. Seguramente vostedes non o cren e non nos sorprende porque están en contra deste plan, do Plan Xeral, dos orzamentos, en contra absolutamente de todo. Non hai algo de vostedes que logo de tres anos poidamos dicir que foi positivo para esta cidade.

Segan na frustración, no rancor persoal, na calumnia e na difamación que seguramente irán a bo camiño. Dende logo nós non imos entrar nese debate nin

nese tipo de descualificacións. Iremos seguir presentando os proxectos e este é importante para a cidade se se acaba coa aprobación do día de hoxe e iso é o que queren os cidadáns, que se vaian facendo cousas, desenvolvendo temas importantes, tanto urbanísticos como doutro tipo, para que lles poidamos dar solucións ás demandas que nos presentan e iso é o que tenta facer este Goberno.

Agradezo ós demais grupos políticos os seus posicionamentos, mesmo no aspecto de non votar a favor porque ten a súa coherencia, o Sr. Soto ten a súa proposta que eu respecto aínda que non comparto porque temos outros criterios pero é defendible. El non fai discursos demagóxicos con respecto a este tema pero vostedes si porque cuestións que votaron a favor e apoiaron sendo Goberno, agora critican.

Estamos convencidos que cando o grupo que está agora do Partido Socialista se marche, o que veña farao noutra liña de máis coherencia porque senón mal vai ir esta cidade pero peor vai ir o Partido Socialista como se ga así.

Con respecto ó Grupo do BNG, respecto as súas críticas pero non as comparto porque coido que é un traballo moi complexo e tamén é certo que coa Consellería de Cultura, a pesar das dificultades e de poñer a lupa enriba deste documento, polo menos lle teño que agradecer que houbo diálogo, sempre tiveron as portas abertas tanto para ós técnicos como para os responsables políticos para nos atender. Iso si, con esixencias e non ten nada que ver unha cousa coa outra, poden ser firmes e esixentes nas súas propostas pero polo menos deron a posibilidade a este Concello de que todo aquilo do que falamos con eles, todas as propostas técnicas que se fixeron foron orientándonos e dicíannos o que querían corrixir unha e outra vez e ó final chegouse a un resultado, cousa que non pasa con outras consellerías que o único que queren é poñer trabas, non colaboración. Mándannos unha carta dicindo que están dispostos a unha xuntanza e corenta e oito horas máis tarde remitímoslles un escrito e nos din que de xuntanza nada. Eses son os distintos criterios e posicionamentos dalgunhas consellerías.

Por suposto que a Consellería de Cultura foi dura con este documento e puxo a lupa nel pero tamén é certo que sempre que o examinou tivemos a oportunidade de falar con eles e tivemos a posibilidade de enviar un documento en borrador para tentar corrixilo. Cando estaban de acordo nolo dicía e cando non o devolvían. Esa é a diferenza. Estivemos case un ano con este informe pero ó final o resultado é que

hoxe podemos dicir que temos o visto e prace da Consellería de Cultura e podemos traer a Pleno a aprobación deste documento. Esa é a diferenza abismal entre o criterio que vostede dicía dunha cuestión política ou non.

Nós pensamos que o Casco Vello vai estar de nora boa porque vai ter unha ferramenta de traballo importante, vaise tentar que as normas aquí establecidas se poidan levar a cabo para o desenvolvemento dunha parte vital da cidade, unha parte que todos nos enchemos a boca de dicir que a temos que rehabilitar pero os resultados son que algúns colaboramos e outros o único que poñen son trabas e obstáculos para que non se leve a cabo ningún proxecto nesta cidade.

Gustaríame que fixeran unha reflexión de cantos proxectos levarían vostedes a cabo nesta cidade coas súas formulacións. Coido que non se pode estar na frustración, no rancor, no odio permanente. O que pasou, pasou e se vostedes queren colaborar nesta cidade coido que teñen que cambiar de criterio, proba disto é que coido que alguén xa tomou esa decisión dende arriba cando a maioría de vostedes non vai estar na próxima Corporación; quere dicir que moi ben non o deberon facer porque senón evidentemente un Partido e uns candidatos non se desprenden de persoas que fixeron un bo traballo. Vostedes mesmos analícense, é unha cuestión que depende de seu pero é a mensaxe que transmiten a esta cidade: que o Partido Socialista do ano 2003 ó 2007 hai que o cambiar porque non conecta coa sociedade. Dino vostedes, non nós.

Como cidadán e como lector de periódicos, é a conclusión que saco, que alguén entendeu que vostedes non conectaron coa sociedade nin coas demandas que presentaba a cidadanía viguesa, cun criterio no que nós non imos entrar pero que nos preocupa como representantes do Goberno e de todos os vigueses e viguesas, ter un grupo na Corporación que o único que fixo foi poñer atrancos ós grandes proxectos desta cidade.

Estiveron en contra de todos os proxectos importantes desta cidade: o Plan Xeral, o PEPRI Casco Vello, o Auditorio, o Consorcio do Casco Vello... non hai nin un que se salve.

SR. TOBA GIRÓN: Cando no mes de outubro do ano 99 o Consello da Xerencia por unanimidade aprobou unha proposta de desenvolvemento do Plan Xeral do 93, que

era o Plan vixente naquel intre e que propuxen eu mesmo, daquela concelleiro de Urbanismo, a redacción do PERI do Casco Vello estaba enriba da mesa.

Aquela proposta de desenvolvemento do Plan Xeral do 93 era absolutamente necesaria para evitar que a cidade se colapsara e aprobouse por unanimidade. Naquela sesión do Consello da Xerencia eu agradecín o voto favorable de todos os grupos porque entendiamos que non se podían parar a redacción e a posta en marcha de determinados proxectos. Daquela proposta que votamos unanimemente saíu o Parque Tecnolóxico e Loxístico, o Plan parcial de Navia e entre outras cousas tamén saíu a redacción do Plan Especial do Casco Vello porque para o BNG o Casco Vello sempre foi un proxecto estratéxico para Vigo. Naquel intre foi tamén un proxecto estratéxico de toda a Corporación e, aínda que sexa outra vez e con atraso, agradezo o apoio que entón houbo dos distintos grupos tamén para poñer en marcha a redacción dese Plan especial porque era algo que a Corporación viña adiando dende había demasiados anos e no que lamentablemente se deran demasiadas reviravoltas que ó final remataran na condena ó ostracismo do corazón da nosa cidade, o Casco Vello, traendo consigo situacións moi graves, case ofensivas para calquera cidadán, algunha delas moi achegada a nós, niso que chamamos Panificadora e que leva así, sen se definir e sen se executar dende o Plan Xeral do ano 71.

No corazón da cidade e no corazón da súa administración seguimos aínda sobrevivindo con esa situación máis semellante a unha imaxe de cidade bombardeada que dunha cidade moderna. Isto non pode durar máis, aquel era o momento de poñer en redacción o Plan especial, de poñer en marcha os programas de rehabilitación que xa naquel intre se conveniaron coa consellería de Ordenación do Territorio, cando menos tres programas, e poñer en marcha un convenio que máis adiante producira efectos entre o Consorcio da Zona Franca, o Concello de Vigo e a propia Consellería de Ordenación do Territorio que agora da os seus froitos co Consorcio do Casco Vello.

Era todo parte dun programa que foi asumido pola Corporación naquel intre e no que dun xeito ou doutro, con diferencias, como é normal e debe ser, todos entendemos a necesidade de rematar con esta vergoña tan achegada, darlle a posibilidade á xente que vive no Casco Vello de rehabilitar as súas vivendas porque

sen planeamento non se pode avanzar e de rematar con situacións como a da Panificadora que lastrabamos dende o ano 81.

Este Plan Especial é absolutamente imprescindible. En primeiro lugar pola poboación que vive no Casco Vello, ningunha Corporación ten dereito a seguir condenando a toda esa poboación ó práctico derrubo de todas as súas vivendas por falla de planeamento e por inacción. O BNG nunca vai estar nesa liña, eses cidadáns están a esperar por este Plan Especial dende que se iniciou a súa redacción no ano 2000; é verdade que houbo atrasos pero en todo caso benvida sexa a nova final de que imos aprobar este Plan Especial. Nós imos votar a favor porque non imos deixar doutra volta a toda a poboación do Casco Vello sen planeamento e sen esperanza. Iso non pode ocorrer.

En segundo lugar porque as accións de rehabilitación do Consorcio do Casco Vello precisan deste Plan Especial. Cando acadamos por primeira vez o compromiso serio e profundo da Administración Autonómica na rehabilitación do Casco Vello, administración que agora asume o 90% do orzamento dese Consorcio, logo do abandono pactado co Consorcio da Zona Franca, mal fariamos en converter este debate nunha pexa, en poñer obstáculos e se por riba o fixeramos con elementos demagóxicos e nada contrastados.

Dende logo eu non o vou consentir e me van permitir que fale de dúas actuacións que son relevantes dentro do conxunto do Casco Vello aínda que non as máis importantes. Unha delas para min foi moi importante: a resolución do problema do asilo das “Hermanitas dos Ancianos Desamparados” e para min iso foi absolutamente importante e crucial porque había un problema que resolver nesta cidade e era que esa congregación puxera en marcha a construción dun edificio completamente moderno porque aquel era indigno, caía a anacos, os que estivemos dentro coas persoas que alí vivían sabemos que entraban pingueiras por calquera recuncho e algúns dos que estamos aquí sentados sabemos do que falamos; a Sra. Presidenta sabe do que falo porque me consta que o coñecía coma min. Había que resolver ese problema, era necesario e aquela Corporación tivo que encarar a resolución dese problema e fixémoslo con decisión.

Herdamos un convenio asinado polo anterior alcalde, Sr. Pérez Álvarez, que estipulaba unha edificabilidade de 11.950 metros cadrados, o correspondente calculado para sufragar ese custo. Houbo moito debate, foi moi difícil a resolución

daquel asunto. Agora que estou no tramo final da miña actuación como responsable político, teño que dicir que foi unha das actuacións das que me sinto máis orgulloso. Aquel debate durou moito tempo e neste Pleno houbo dificultades. Por exemplo, nun Pleno en xuño do ano 2000 presentouse unha proposta por parte do partido Socialista que solicitaba unha modificación puntual daquela parcela para adicala á ordenanza de usos urbanos cunha definición de edificabilidade superior ós 17.000 metros cadrados, non os 11.950 m<sup>2</sup>, nin os 11.600 que agora figuran naquel convenio asinado pola miña amiga Sor Ana. Nós aceptamos aquel acordo con mal gusto porque sabiamos que se podía resolver por menos pero o primeiro era resolver o problema da congregación, pero as persoas que estaban naquela Corporación e están hoxe nesta saben que aceptamos de mala gana. Propoñíanse máis de 17.000 metros cadrados, vaian vostedes ás actas.

Constituímos unha comisión para discutir aquela proposta na que estaban o Sr. Corral, daquela voceiro do partido Popular, a Sra. Sío designada polo Grupo municipal Socialista e eu mesmo. Ó final aquela proposta quedou arrombada por sorte e gracias a conversas externas ó Pleno coa propia congregación. Así pechouse un convenio con 11.600 metros cadrados que é o que figura no expediente. Se se esquecen eses antecedentes, esquecese a historia da cidade, estase a facer demagogia e mesmo se mente sobre a propia traxectoria.

En segundo lugar non se poden establecer as variacións de edificabilidade en relación coa proposta que presenta o Plan Xeral sen ter en conta a proposta no seu conxunto e a proposta do Plan Xeral non ten que ver co Asilo e cos 11.600 metros; ten que ver co conxunto do Barrio do Cura e polo tanto o cómputo de edificabilidade hai que o facer sobre a globalidade porque senón se está dicindo a metade da verdade que é a peor das mentiras. Ademais non se pode ocultar que nese acordo se contempla a construción dun túnel que no seu día resolverá a cicatriz que representa Elduayen para o conxunto do Casco Vello.

Por outra banda tamén vou falar da Panificadora porque este é un asunto que se estende dende o Plan Xeral do ano 71 como lles dixen antes. Os que tivemos que estudar ese asunto temos capacidade e posibilidade de facer a memoria necesaria porque a memoria máis recente empeza por un convenio asinado no ano 1988 polo daquela concelleiro de Urbanismo do Partido Socialista Francisco Santomé, sendo alcalde o Sr. Soto.

Non vou discutir aquel convenio, neste caso para sacar pasados do Sr. Soto e do Partido Socialista, non o vou facer porque sería facer demagogia pola miña banda e non é o meu estilo. Eu sei o que contemplaba o Plan do 71 para a Panificadora, podería ocultalo pero vou dicir algo do que non me vou arrepentir: o convenio asinado polo Sr. Santomé sendo alcalde o Sr. Soto melloraba para a cidade a situación derivada do plan do 71. Dígoo porque a min me gusta ser honesto co que digo. Moito, pouco o algo pero o melloraba.

Quizais tiña un defecto e é que propoñía dous edificios de 16 andares sobre a cota da actual Praza do Rei. Esa é a altura media que existe nalgúns edificios de Coia, non se necesita ningunha infografía de ningún mercenario para se facer unha idea do que representan 16 andares sobre a praza do Rei. Ese é o convenio que deu lugar a aquel estudo de detalle do ano 1995 e que foi arrombado por un novo convenio do alcalde don Manuel Pérez que melloraba algo a situación. Ese é o convenio que está reflectido agora no actual Plan Especial de Reforma Interior: 25.375 metros cadrados, esa é a cifra do actual Plan Especial. Nin sequera lles vou dicir a cifra do convenio asinado polo Sr. Santomé porque non paga a pena. Dígolles esta porque é a referente.

Pois o convenio negociado no seu día contempla 21.950 metros, cun recorte de 4.000 metros cadrados sobre o previsto no PERI derivado dos acordos do Goberno do Sr. Pérez Álvarez pero moito máis sobre o previsto nas dúas torres de 16 andares do convenio do Sr. Santomé, do convenio do Partido Socialista, permítanme dicilo e esta vez sen establecer ningunha liña demagóxica de discurso.

Isto é o que hoxe está neste Pleno e non se pode establecer a comparación de edificabilidades entre a edificabilidade prevista por este Plan Especial e a que existe como uso industrial que está modificada dende o plan do 71 en que se contemplaba unha construción en mazá pechada. Non se pode chegar a eses extremos xa non de demagogia senón de auténtico engano porque algúns non o imos permitir porque tamén tivemos que traballar, coñecemos a historia desta cidade e estamos comprometidos con ela.

Este Plan Especial é bo, contempla 40.000 metros cadrados de espazos libres no conxunto do Casco Vello así que cumpre ata cos “estándares” da Lei do Solo vixente que contempla 66.000 metros cadrados construídos de equipamentos, é dicir, que define un conxunto de Casco Vello de uso residencial, de uso terciario, cunha

dotación de equipamentos excelente e cunha dotación de espazos libres que sinceramente non podíamos soñar no ano 99, nin co plan 71 e co PERI que estaba vixente do ano 88 tampouco podíamos soñar, polo tanto estamos ante un bo PEPRI. Xa expresei ó principio que o noso grupo vai votar a favor pero lle vai propoñer ó Pleno da Corporación unha emenda. Non coincidimos na posición do equipo redactor en relación coa apreciación parcial da alegación número 1 que precisamente se refire á Panificadora, como vostedes puideron comprobar no expediente, que sinceramente e a dicir do propio informe dos técnicos de administración xeral, referendado polo secretario da Xerencia, Sr. Cominges, é unha decisión de carácter discrecional, é dicir, que non imos tocar nada xurídico como é o noso costume, pero que establece unha modificación sobre o convenio inicial asinado no ano 2003 que sinceramente non nos parece eficiente.

Nesa modificación dos técnicos coincidimos en que se mellora nalgún lugar o acceso ó espazo libre pero sen embargo dificultase a comunicación dende Santiago e Cachamuiña, como por outra parte reflicten os informes dos técnicos municipais, e para acadar un espazo público realmente exíguo, pouco relevante, que non modifica para nada os parámetros do Plan Especial aínda que si favorece a comunicación con Alfonso XII, produce un incremento de altura que, aínda que pequeno pois falo dunha planta, o noso grupo mantén sempre que no contorno do Casco Vello este é un tema relevante e o estudo dos espazos que teñen que quedar na estrutura da Panificadora deben permitir a conservación desa imaxe que todos temos gravada na retina a respecto da estrutura da Panificadora.

Polo tanto o noso Grupo propón ó Pleno aprobar o Plan Especial pero sen facer apreciación da alegación número 1 e polo tanto sen a aceptar. Xa falei antes co Secretario e sabe ó que me refiro.

SR. SOTO FERREIRO: Cando se aprobaron unha serie de modificacións que se lle encargaran ó equipo redactor eu sempre entendín que aqueles traballos, como outros que se estaban a facer polo equipo redactor, APR, etc., ían ser incluídos no novo Plan Xeral. Dixen antes que este plan incluído dentro do Plan Xeral para nós, que temos unha traxectoria e non votamos de xeito diferente este tema ca outros moitos que nos teñen visto votar na Xerencia, como dicía o Sr. Figueroa con razón ou sen ela, na miña opinión si a temos aínda que coa mesma lexitimidade vostedes



poden pensar que non, pero en todo caso lles recomendo a todos que vexan as cintas dunha entrevista que fixo TeleVigo coido que ó Presidente do Tribunal do Contencioso de Galicia, que nas súas teses e falando en xeral sobre Vigo ven coincidir co que ten dito o Tribunal Supremo: o planeamento do 93 de Vigo non é nulo pero é anulable. Dio claramente e por outra parte non hai máis que ver algunha sentenza do Supremo para o comprobar.

Tamén quero dicir que é extremadamente urxente aprobar un planeamento para o Casco Vello e comparto absolutamente ese criterio. Pero que isto veña no tempo en que estamos, como mínimo e para non ser agresivo, non lle corresponde ó Partido Galeguista ningunha responsabilidade de que veña agora, a punto, antes ou despois das eleccións, aínda que moi convencido que logo delas, de votar un Plan Xeral que tamén hai que resolver axiña.

Darlle unha certa inseguridade xurídica por votar tres meses antes ou logo, sendo todo moi urxente, para nós non xustifica este desexo de aprobalo deste xeito agora. O Casco Vello é un desastre e cada quen que se aplique a responsabilidade que queira porque iso leva xa uns anos, que cada quen se colla a parte alícuota que entenda que debe ter e non vou entrar máis alá, pero non deriven responsabilidades dicindo que se se aproba tres meses antes ou logo. Nese sentido estamos coa conciencia tranquila.

Cando eu lle dixen antes crípticamente que nós asumiríamos isto practicamente sen maiores problemas, voullo dicir nalgún tema con absoluta claridade. Se eu tivese que ter asinado un convenio para resolver o problema do Asilo, o tivera asinado. O que digo por detrás tamén o digo por diante sen ningún rebozo.

Os compañeiros da Corporación cos que xa teño falado saben que ó mellor me gustaría conservar a fachada modernista do edificio, que sería posible, e logo darlle a edificabilidade que fose mester para que haxa un bo asilo, ningún problema. Este é o caso puntual que se puidera eu reformaría nese plan. Quixera ter a garantía, que non teño, con algún edificio dos que se proxecta de que non se vaian tapar vistas ó Paseo de Alfonso XII porque iso si que me parecería un erro grave. Digo máis: aínda que se aprobe isto haberá que o analizar polo miúdo porque, mediante as negociacións oportunas, sempre me consideraría a tempo para o corrixir.

Cando se fala de urbanismo as veces parece que un entra nunha especie de mercado estraño, hai unha sensación de que mil metros máis ou menos non pasa

nada; eu coido que os empresarios que traballan en urbanismo teñen que facer bos negocios porque senón non se dedicarían ó urbanismo, adicarían os seus capitais a outra cousa e Vigo necesita dos empresarios da construción, polo tanto facer demagogia con iso para nada.

Quero dicir polo tanto que non se trata de que se fagan mil metros cadrados menos de superficie edificada ou máis; digo que se é a mesma a poden repartir doutro xeito para que non se impidan as vistas do Paseo de Alfonso. Cada quen de nós logo pode ter concepcións urbanística do facer dun xeito ou doutro. Agás algúns comentarios que lles estou a facer, paréceme un documento urbanístico estimable.

Por outra banda tampouco é de estrañar se a min me parece estimable o arquitecto que asina a proposta, que tampouco me importa dicir que me parece un dos arquitectos estimables desta cidade e as xentes que adoitan facer as cousas ben, sáenlle ben.

Dito todo isto só unha última pincelada. A nova ponte sobre a ría agora parece que é dos empresarios, outras cousas parece que son de non sei quen e encántame escoitar que hai un túnel que os ten a todos orgullosos porque ese túnel propúxose polo Partido Galeguista e vai ser moi importante para permitir unha grande peonalización do Casco Vello porque vai permitir que o Casco Vello norte e o sur, sen solución de continuidade, se poidan unir de xeito peonil. Ata esa razón teño para estar a gusto con este plan.

Díxenlles todas as razóns polas que me gusta que son moitas, segue quedando aquela outra e espero, desexo e colaborarei para que teña acomodo no novo Plan Xeral.

SR. RUIZ CENICEROS: De certo xeito resulta satisfactorio que aínda que recibamos distinto tratamento que outros grupos tamén sexan sensibles a cuestións de edificabilidade e altura que é en realidade o que nós vimos manifestando e no que de certo modo fixemos especial fincapé, á parte de temas de seguridade xurídica que a outros grupos e dende outro punto de vista mesmo lles condiciona o voto. Aínda facendo comentarios e pedindo emendas puntuais sobre eses aspectos, certamente o tratamento que recibimos do Goberno municipal é radicalmente distinto, o que como mínimo resulta rechamante.

Non me gusta pero mesmo por respecto, maximo que a referencia que fai o concelleiro de Urbanismo respecto a quen permanezan ou non na seguinte Corporación e ós criterios que teñan ou non cada grupo, cada partido político, de quen permaneza ou non, ou a decisión que cada concelleiro teña de permanecer ou non, non o estenderá ós que permanezan ou non en posición de saída na lista do seu propio grupo político. Supoño que esa descualificación e ese criterio non o aplicará ás persoas que agora mesmo sentan con vostede e ás que segundo parece, se ese é o único criterio que teñen os partidos para decidir quen permanece ou non, supoño que non o estenderá porque dende logo que nós non llo aplicamos de ningún xeito ós seus compañeiros do grupo municipal, nin ó resto das formacións que aquí están representadas.

En canto se son necesarios o PEPRI e máis o Consorcio do Casco Vello ou non, non o poñemos na máis mínima dúbida e afirmámolo. Tanto é así, Sr. Figueroa, que do mesmo xeito que outros grupos presentan cuestións xurídicas e de seguridade xurídica neste PEPRI Casco Vello, supoñemos que se nós nun momento dado presentamos unha cuestións de seguridade xurídica relativa ó Consorcio, será como mínimo razoable e non por iso, se outros grupos merecen que non se lles cualifique de “boicoteadores” porque digan que este PEPRI é recorrible, anulable e que pode correr a mesma sorte que outros planeamentos que derivan do 93, supoñemos que se nun momento dado se fixo a advertencia que un determinado Consorcio ou unha determinada forma xurídica non eran os axeitados, que non se nos acuse do mesmo. Sobre todo cando ese Consorcio constituíuse gracias ó voto favorable que obtivo a modificación orzamentaria porque o importante foi a achega de capital que tivo que facer este Concello para o constituír.

E sobre todo cando levamos nese Consorcio tres anos calados e sen dicir absolutamente nada, sen poñer a máis mínima tacha ós atrasos que puidera haber no tan anunciado plan de actuación que durante tres anos estivemos escoitando que ía ser levado ó Consello do Consorcio e que se demorou indefinidamente. Cando non facemos nin o máis mínimo comentario ás discretas roldas de prensa que fai o Goberno municipal anunciando os supostos avances que ese Consorcio fai. Nin sequera cando o Goberno municipal publicita as compras que está a facer ese Consorcio contribuíndo con isto a que se eleve o prezo da vivenda no casco histórico e prexudicando o labor do propio Consorcio facendo que o orzamento, de

ser o caso, sexa máis escaso en canto que están recibindo peticións de prezo incrementadas respecto de se ese traballo se levase con suficiente discreción e non fose agora público e notorio que o Consorcio está mercando vivendas nese ámbito dun xeito numeroso e case masivo.

En toda a longa historia urbanística da cidade, en concreto da Panificadora e do Asilo, houbo propostas de todo tipo. Certamente unhas máis afortunadas que outras e dende o plan do 71 ata o de agora algo melloramos, non só no casco histórico e nestes dous temas, senón que no resto da cidade. Hai cuestións que resultan rechamantes e se nos chea a todos a boca dicindo que non as queremos repetir, e xa non me vou á illa de Toralla, pero cando chega a hora da verdade resulta que son moi similares atendendo ademais ó criterio que se manifesta no propio equipo redactor, no propio PEPRI que estamos a aprobar.

Se o edificio "Asefal" é malo e como di o equipo redactor racha a escala do PEPRI Casco Vello e do casco histórico, non pode ser bo un edificio que está veciño e que é exactamente igual. Iso é un criterio obxectivo sen poñer en dúbida que propostas anteriores deberon ser tan malas ou peores como a que se está a levar a Pleno e cada grupo municipal que estivo composto por distintos representantes, en toda esa evolución e eses debates tivo distintos pronunciamentos e disparidade de criterios. O Grupo municipal Socialista e o resto dos Grupos.

No convenio do Asilo de abril de 1999, do que deriva este e que xa se supoñía que tiña unha determinada edificabilidade vota a favor exclusivamente o Partido Popular e votan en contra o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, convenio do que este é herdeiro porque non é o mesmo, nin sequera o que se vai facer no Asilo e no barrio do Cura é o mesmo do que estamos a votar hoxe neste Pleno porque efectivamente, entre o barrio do Cura e o Asilo suman en total 21.000 metros cadrados de edificabilidade, os dous ámbitos conxuntos; pero o que aparece no Plan Xeral chega a 58.000 metros cadrados. Segundo parece imos ter días de diferenza para cambiar de criterio e case máis que dobrar a edificabilidade que hoxe en día se vai aprobar.

No convenio do Asilo en que se fai referencia a esa comisión que se constituíu no ano 2000, a ese debate, etc., pois nas súas conclusións e na proposta de convenio que se levou e se votou no Concello da Xerencia, o Partido Socialista, sen prexuízo de participar nese Goberno, abstívose e non votou a favor, estou coas actas na

man. Na proposta do convenio da Panificadora do 31 de maio de 2001, Sr. Figueroa coincidimos o Partido Socialista e o Partido Popular porque tamén se abstiveron, convenio e proposta da que deriva a que traen agora mesmo.

Naquel intre estaban pretendendo obstaculizar a rehabilitación do Casco Vello? Estaban pretendendo prexudicar a recuperación dun espazo tan degradado como era a Panificadora? Era todo un voto por cuestión de estratexia electoral e en realidade non lles interesaba en absoluto a recuperación dese espazo tan degradado?

Nun tema que é recorrente e ó que tampouco gusta facer referencia porque sempre se está aludindo a persoas que non están aquí pero que ó mellor, dando unha doutrina xeral nun momento dado o concelleiro de Urbanismo pode entender polo menos o que tenta facer este Grupo municipal, é clarexar en primeiro lugar que desgraciadamente o Grupo municipal Socialista non ten asesores urbanísticos, pode recibir opinións e pode apoiar ou compartir outras opinións, supoñemos que exactamente igual que o resto dos grupos, pero desgraciadamente non ten nin asesores xurídicos nin técnicos.

Cando toma unha decisión non a adopta en función de quen a propón nin de quen a proxecta; faio en función dos criterios e da valoración obxectiva que en principio supón que deben merecer as propostas que se formulan e os proxectos que se traen a este Pleno. Non nos preocupa que sexa o promotor desa determinada actuación e moito menos quen son os técnicos que a proxectan porque damos por feito que no peor dos casos farán o que este Pleno lles permita facer. Eles non teñen que velar polos intereses públicos, se o fan benvido sexa e senón tampouco teñen obriga do facer pero os que estamos neste Pleno si que temos que velar polos intereses público e temos que definir o máximo que poidan facer sexa quen sexa.

É neste momento e non en posteriores modificacións porque nós non queremos que valla dicir que non nos gusta e esperar a que logo se corrixa, considerar que unha actuación poida ser arriscada pero correr o risco de momento porque xa o solucionaremos cando se empece a construír e teñamos que considerar que temos que indemnizar ós promotores a quen se lles permitiu facer unha determinada cousa e logo resulta que a hai que parar.

Independentemente de quen propoña e quen proxecte as actuacións, nós cremos que este é o momento de que nós lle poñamos límite. Estamos convencidos de que,

seguindo o criterio obxectivo que se supón que comparte este Pleno de que o que decidiu o Pleno e se fixo no seu día en Santa Marta estivo mal, sexa quen sexa quen volva propoñer algo minimamente similar está cometendo exactamente o mesmo erro e é este Pleno a quen lle corresponde paralo ou tentar impedilo, cousa que neste caso e segundo parece non vai acontecer.

Estamos convencidos e xa o dixemos que este podería ser un documento estupendo ou polo menos aceptable para rehabilitar o Casco Vello ou ter unha normativa nova que mellore a existente, pero estamos convencidos que ese documento se pode aprobar sen dobrar edificabilidades en zonas emblemáticas, sen permitir tipoloxías que son claramente conflitivas dende o punto de vista social, sen liberar ós promotores de ter que destinar o 20% da súa edificabilidade residencial a vivenda de protección oficial, sen regalar ós promotores o 10% de aproveitamento que terían que ceder obrigatoria e gratuitamente ó Concello, sen inseguridade xurídica, sen piruetas do último momento que o que conseguen é poñer en risco a seguridade xurídica do documento, algo tan demandado teoricamente por todos no urbanismo de Vigo e sen ningunha dúbida axustándose ó procedemento legal, pedindo os informes sectoriais que son necesarios e cuxa ausencia como mínimo pon en risco que o plan se aprobe convenientemente e cumprindo sen ningún xénero de dúbida os “estándares” legais, incluídos os de edificabilidade, que marca a lexislación vixente se isto se aprobase convenientemente coma un novo plan especial.

Supoñemos que eses son motivos suficientes para que condicionen a decisión e o voto de cada grupo, co máximo respecto e en principio cada grupo considera que fai o axeitado en cada momento para o que se vai aprobar. É certo que ó mellor determinadas decisións no seu momento se adoptan para tentar remediar un mal. Ninguén pon en dúbida que ó mellor a orixe de toda a actuación do Asilo, mesmo da Panificadora, ven dada polo feito de facer unha actuación benéfica, pero apliquemos a experiencia.

Cando aquí debatemos o edificio de Santa Marta, veciño do que estamos agora mesmo regulando, ninguén se lembrou da gardería que se permitiu facer con esa edificabilidade e con esa tipoloxía, unha gardería que estaba en funcionamento. Ninguén pon en dúbida que esa gardería era necesaria, que foi benéfica, que ten que seguir en marcha. Agora ben, o resultado é a actuación urbanística que se

permite facer en cada zona da cidade e a día de hoxe que alguén me diga se esa actuación benéfica tivo un resultado adecuado cun edificio que hoxe está en estrutura e parado e que esa paralización produciu un dereito indemnizador e un convenio cos promotores porque tiñan todo o dereito a construír conforme o que tiña aprobado este Pleno.

O resultado final foi o axeitado para o fin público e o interese social que orixinariamente o motivaba? Foi a solución correcta? Poderíase ter mellorado? Ó noso xuízo, tanto no que afecta á Panificadora como ó Asilo poderíase acadar un resultado axeitado para a finalidade social que se buscaba sen o risco urbanístico que estamos a correr porque como mínimo repito que nos estamos poñendo exactamente na mesma situación.

Non me gusta ser agoireiro pero se o que se empeza a construír coincide coas sospeitas que manifesta non só este grupo, senón que outros grupos políticos, veremos quen se lembra do motivo social que no seu momento xerou toda esa edificabilidade que foi medrando co paso do tempo e esa tipoloxía que resposta a un só motivo: que se non se constrúe doutro xeito esa edificabilidade non entra na zona.

A PRESIDENCIA: Imos votar primeiro a proposta de acordo presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego co seguinte texto: Modificar a proposta final do equipo redactor no que se refire á ordenación de volumes do ámbito Panificadora, desestimando en consecuencia a alegación identificada co número 1.

SR. TOBA GIRÓN: Non me vou meter en cuestións técnicas do Primeiro Tenente de Alcalde (Resolución de delegacións do 23 de outubro de 2006), pero a alegación número 1 o que solicita é unha modificación de volumes sobre o convenio aprobado na zona da Panificadora, que medindo dende a rúa Cachamuiña establece unha altura coido que de baixo máis cinco e o que propón é unha modificación do espazo libre lindeiro coa praza do Rei que facilita esa comunicación pero eleva a altura do edificio por riba de planta e media. A nosa posición é que non aporta nada ós espazos libres e sen embargo para nós no debate da cuestión da Panificadora sempre foi criterio que as alturas nunca superen a rasante de tal xeito que destaque a torre que no seu momento será un miradoiro ligado á actuación de restauración.

Iso é importante cara ó deseño do conxunto, un criterio que se tivo en conta no seu momento. En todo caso xa expresei que iamos votar a favor.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Arias Moreira, Caballero Míguez e Iglesias Carrera)

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, durante o curso do debate:

Modificar a proposta final do equipo redactor no que se refire á ordenación de volumes do ámbito Panificadora, desestimando en consecuencia a alegación identificada co núm. 1.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Losada Álvarez, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, acórdase aprobar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, co texto transcrito anteriormente

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Ruiz Cenicerros:

Como confirma o proponente, en realidade na proposta inicial do PEPRI nesa zona utilizando a rasante da rúa Camelias a altura é de tres plantas e a cuberta, precisamente con ese criterio de non rebaixar a edificabilidade pero tentando ampliar espazos libres, gáñanse 120 metros cadrados máis ou menos da praza e elévase a unha planta e pico esa altura. Efectivamente é mellor tres que catro plantas, pero aínda seguen tapando o miradoiro o que é motivo da nosa abstención.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova,



Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, acórdase:

**Primeiro.-** Modificar a proposta final do equipo redactor no que se refire á ordenación de volumes do ámbito Panificadora, desestimando en consecuencia a alegación identificada co núm. 1.

**Segundo.-** Estimar, estimar parcialmente ou desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública, no sentido e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo, agás a identificada co número 1.

**Terceiro.-** Aprobar definitivamente o PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO VELLO DE VIGO, co seu CATÁLOGO e CONVENIOS URBANÍSTICOS anexos, de iniciativa municipal, redactado pola entidade mercantil “Consultora Galega, SL”, e asinado polo arquitecto D. Juan Carlos Portela Regodeseves, na súa última versión rectificada e corrixida trala información pública e informes sectoriais (exp. nº 7888/411).

**Cuarto.-** Os convenios urbanísticos de planeamento incorporados ao PEPRI deberán asinarse polos interesados dentro dos 15 días seguintes á notificación deste acordo (art. 237.4 LOUGA).

**Quinto.-** Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do ámbito, alegantes e asinantes dos convenios, coa indicación de que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**Sexto.-** De conformidade co previsto no artigo 92.2 e 3 LOUGA, publíquese no prazo dun mes o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e o documento da normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia, comunicándose así mesmo ás Consellerías de Política Territorial e de Cultura, dándolle traslado á primeira dunha copia autenticada de dous exemplares do PEPRI debidamente dilixenciados polo Sr. secretario da Xerencia de urbanismo e dun exemplar á segunda.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de abril de 2007. Consta de 55 folios da serie A numerados do 1593463 ao 1593518 e números do 161 ao 215. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 13 de xuño de 2007.

Vigo, a 13 de xuño de 2007  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda